

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

2222 *Real decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da educación primaria.*

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou o artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para definir o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas. O currículo estará integrado polos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa; as competencias, ou capacidades para activar e aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos; os contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e á adquisición de competencias; a metodoloxía didáctica, que comprende tanto a descripción das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes; os estándares e resultados de aprendizaxe availables, e os criterios de avaliación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado.

Segundo o novo artigo 6 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, corresponde ao Goberno, entre outros, o deseño do currículo básico, en relación cos obxectivos, competencias, contidos, estándares e resultados de aprendizaxe availables e criterios de avaliación, que garanta o carácter oficial e a validez en todo o territorio nacional das titulacións a que se refire esta lei orgánica.

Un dos piares centrais da reforma educativa operada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, descansa sobre unha nova configuración do currículo de educación primaria, educación secundaria obligatoria e bacharelato. No bloque de disciplinas troncais garántense os coñecementos e competencias que permitan adquirir unha formación sólida e continuar con aproveitamento as etapas posteriores naquelas disciplinas que deben ser comúns a todo o alumnado e que, en todo caso, deben ser avaliadas nas avaliaciós finais de etapa. O bloque de disciplinas específicas permite unha maior autonomía á hora de fixar horarios e contidos das disciplinas, así como para conformar a súa oferta. O bloque de disciplinas de libre configuración autonómica supón o maior nivel de autonomía, no que as administracións educativas e, se é o caso, os centros, poden ofrecer disciplinas de deseño propio, entre as que se encontran as ampliacións das materias troncais ou específicas. Esta distribución non obedece á importancia ou carácter instrumental ou fundamental das disciplinas senón á distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, acorde coa Constitución española.

Esta nova configuración curricular supón un importante incremento na autonomía das administracións educativas e dos centros, que poden decidir as opcións e vías en que se especializan e fixar a oferta de disciplinas dos bloques de disciplinas específicas e de libre configuración autonómica, no marco da programación das ensinanzas que estableza cada Administración educativa. O sistema é más flexible porque permite axustar a oferta formativa e os seus itinerarios á demanda das familias e á proximidade de facultades ou escolas universitarias e outros centros docentes, e favorece a especialización dos centros en función dos itinerarios ofrecidos.

A nova organización da educación primaria desenvólvese nos artigos 16 a 21 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, tras a súa modificación realizada pola Lei orgánica 8/2013,

do 9 de decembro. O currículo básico das disciplinas correspondentes á educación primaria deseñouse de acordo co indicado nos ditos artigos, nun intento de simplificar a súa regulación, que se centrou nos elementos curriculares indispensables.

En liña coa Recomendación 2006/962/EC do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, este real decreto baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Propónense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación que deben supor un importante cambio nas tarefas que deben resolver os alumnos e formulacións metodolóxicas innovadoras. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Prevese, pois, como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais.

As competencias, por tanto, conceptualízanse como un «saber facer» que se aplica a unha diversidade de contextos académicos, sociais e profesionais. Para que a transferencia a distintos contextos sexa posible resulta indispensable unha comprensión do coñecemento presente nas competencias, e a vinculación deste coas habilidades prácticas ou destrezas que as integran.

A aprendizaxe por competencias favorece os propios procesos de aprendizaxe e a motivación por aprender, debido á forte interrelación entre os seus compoñentes: o concepto apréndese de forma conxunta ao procedemento de aprender o dito concepto.

Adóptase a denominación das competencias clave definidas pola Unión Europea. Considerase que «as competencias clave son aquellas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego». Identifícanse sete competencias clave esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e describense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas.

O rol do docente é fundamental, pois debe ser quen de deseñar tarefas ou situacións de aprendizaxe que posibiliten a resolución de problemas, a aplicación dos coñecementos aprendidos e a promoción da actividade dos estudiantes.

A revisión curricular ten moi en conta as novas necesidades de aprendizaxe. A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino-aprendizaxe competencial débese abordar desde todas as áreas de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais e informais; o seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquieren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

Para lograr este proceso de cambio curricular cómpre favorecer unha visión interdisciplinar e, de maneira especial, posibilitar unha maior autonomía á función docente, de forma que permita satisfacer as exixencias dunha maior personalización da educación, tendo en conta o principio de especialización do profesorado.

O currículo básico das diferentes áreas organizouse partindo dos obxectivos propios da etapa e das competencias que se van desenvolver ao longo da educación básica, mediante o establecemento de bloques de contidos nas áreas troncais, e criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe availables en todas as áreas, que serán referentes na planificación da concreción curricular e na programación docente. Nalgúnsas áreas estes elementos agrupáronse en bloques que permiten identificar os principais ámbitos que comprende a área; esta agrupación non implica unha organización cerrada, polo contrario, permitirá organizar de diferentes maneiras os elementos

curriculares e adoptar a metodoloxía máis adecuada ás súas características e ás do grupo de alumnos.

O contido desta norma será completado coa integración das competencias no currículo que debe promover o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, segundo a disposición adicional trixésimo quinta da Lei 2/2006, do 3 de maio, introducida pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, a través da adecuada descripción das relacións entre as competencias e os contidos e criterios de avaliación das diferentes ensinanzas, con atención prioritaria ao currículo do ensino básico.

Este real decreto ten o carácter de norma básica e dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.^a da Constitución, que atribúe ao Estado as competencias para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación dos títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos nesta materia. De acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional, é posible a intervención excepcional do regulamento na delimitación do básico, entre outros supostos, cando a utilización do regulamento resulte xustificada polo carácter marcadamente técnico da materia.

Na tramitación deste real decreto emitiu ditame o Consello Escolar do Estado, solicitouse o informe do Consello Superior de Ensinanzas Artísticas e do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e consultáronse as comunidades autónomas no seo da Conferencia de Educación, así como os organismos e organizacións más representativas e, en xeral, toda a comunidade educativa a través dun trámite de información pública.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de febreiro de 2014,

DISPOÑO:**Artigo 1. Obxecto.**

O presente real decreto ten por obxecto establecer o currículo básico da educación primaria.

Artigo 2. Definicións.

1. Para efectos deste real decreto, entenderase por:

a) Currículo: regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e etapas educativas.

b) Obxectivos: referentes relativos aos logros que o alumno debe alcanzar ao finalizar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino-aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

c) Competencias: capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

d) Contidos: conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado.

e) Estándares de aprendizaxe availables: especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumno debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina; deben ser observables, medibles e availables e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado. O seu deseño debe contribuír e facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

f) Criterios de avaliación: son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias; responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

g) Metodoloxía didáctica: conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos formulados.

2. Para efectos do presente real decreto, as competencias do currículo serán as seguintes:

- 1.º Comunicación lingüística.
- 2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- 3.º Competencia dixital.
- 4.º Aprender a aprender.
- 5.º Competencias sociais e cívicas.
- 6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- 7.º Conciencia e expresións culturais.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberanse deseñar actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Potenciarase o desenvolvemento das competencias en comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Artigo 3. *Distribución de competencias.*

1. En educación primaria, as disciplinas agruparanse en tres bloques, de disciplinas troncais, de disciplinas específicas e de disciplinas de libre configuración autonómica, sobre os que o Goberno, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, o resto de administracións educativas e os centros docentes realizarán as súas funcións da seguinte forma:

- a) Correspondrá ao Goberno:

1.º Determinar os contidos comúns, os estándares de aprendizaxe availables e o horario lectivo mínimo do bloque de disciplinas troncais.

2.º Determinar os estándares de aprendizaxe availables relativos aos contidos do bloque de disciplinas específicas.

3.º Determinar os criterios de avaliación do logro dos obxectivos das ensinanzas e etapas educativas e do grao de adquisición das competencias correspondentes, así como as características xerais das probas en relación coa avaliación final de educación primaria.

b) Dentro da regulación e límites establecidos polo Goberno, a través do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, de acordo cos números anteriores, as administracións educativas poderán:

1.º Complementar os contidos do bloque de disciplinas troncais.

2.º Establecer os contidos dos bloques de disciplinas específicas e de libre configuración autonómica.

3.º Realizar recomendacións de metodoloxía didáctica para os centros docentes da súa competencia.

4.º Fixar o horario lectivo máximo correspondente aos contidos das disciplinas do bloque de disciplinas troncais.

5.º Fixar o horario correspondente aos contidos das disciplinas dos bloques de disciplinas específicas e de libre configuración autonómica.

6.º En relación coa avaliación durante a etapa, complementar os criterios de avaliação relativos aos bloques de disciplinas troncais e específicas, e establecer os criterios de avaliação do bloque de disciplinas de libre configuración autonómica.

7.º Establecer os estándares de aprendizaxe availables relativos aos contidos do bloque de disciplinas de libre configuración autonómica.

c) Dentro da regulación e límites establecidos polas administracións educativas de acordo cos números anteriores, e en función da programación da oferta educativa que estableza cada Administración educativa, os centros docentes poderán:

1.º Complementar os contidos dos bloques de disciplinas troncais, específicas e de libre configuración autonómica e configurar a súa oferta formativa.

2.º Deseñar e implantar métodos pedagóxicos e didácticos propios.

3.º Determinar a carga horaria correspondente ás diferentes disciplinas.

2. As administracións educativas fomentarán e potenciarán a autonomía dos centros, avaliarán os resultados e aplicarán os oportunos plans de actuación.

Os centros docentes desenvolverán e complementarán, se for o caso, o currículo das diferentes etapas e ciclos en uso da súa autonomía.

Artigo 4. *Disciplinas troncais.*

Os contidos comúns, os criterios de avaliação e os estándares de aprendizaxe availables das áreas troncais da educación primaria recóllese no anexo I.

Artigo 5. *Disciplinas específicas.*

Os criterios de avaliação e os estándares de aprendizaxe availables das áreas específicas da educación primaria recóllese no anexo II.

Artigo 6. *Principios xerais.*

A finalidade da educación primaria é facilitar aos alumnos e alumnas as aprendizaxes da expresión e comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, e o hábito de convivencia, así como os de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas e de preparalos para cursar con aproveitamento a educación secundaria obligatoria.

A acción educativa nesta etapa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e adaptarase aos seus ritmos de traballo.

Artigo 7. *Obxectivos da educación primaria.*

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua castelá e, se a houber, a lingua cooficial da comunidade autónoma e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir, ao menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construcción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais más próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demás, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

Artigo 8. Organización.

1. A etapa de educación primaria comprende seis cursos académicos, que se cursarán ordinariamente entre os seis e os doce anos de idade, e organízase en áreas, que terán un carácter global e integrador.
2. Os alumnos e alumnas deben cursar as seguintes áreas do bloque de disciplinas troncais en cada un dos cursos:

- a) Ciencias da Natureza.
- b) Ciencias Sociais.
- c) Lingua Castelá e Literatura.
- d) Matemáticas.
- e) Primeira Lingua Estranxeira.

3. Os alumnos e alumnas deben cursar as seguintes áreas do bloque de disciplinas específicas en cada un dos cursos:

- a) Educación Física.
- b) Relixión ou Valores Sociais e Cívicos, a elección dos pais, nais ou titores legais.
- c) En función da regulación e da programación da oferta educativa que estableza cada Administración educativa e, se for o caso, da oferta dos centros docentes, ao menos unha das seguintes áreas do bloque de disciplinas específicas:

- 1.º Educación Artística.
- 2.º Segunda Lingua Estranxeira.
- 3.º Relixión, só se os pais, nais ou titores legais non a escolleran na elección indicada no número 3.b).

4.º Valores Sociais e Cívicos, só se os pais, nais ou titores legais non a escolleron na elección indicada no número 3.b).

4. Os alumnos e alumnas deben cursar a área Lingua Cooficial e Literatura no bloque de disciplinas de libre configuración autonómica naquelas comunidades autónomas que posúan a dita lingua cooficial, ben que poderán estar exentos de cursar ou de ser avaliados da dita área nas condicións establecidas na normativa autonómica correspondente. A área Lingua Cooficial e Literatura recibirá un tratamento análogo ao da área Lingua Castelá e Literatura.

Ademais, os alumnos e alumnas poderán cursar unha ou varias áreas más no bloque de disciplinas de libre configuración autonómica, en función da regulación e da programación da oferta educativa que estableza cada Administración educativa e, se for o caso, da oferta dos centros docentes, que poderán ser áreas do bloque de disciplinas específicas non cursadas, áreas de afondamento ou reforzo das áreas troncais ou outras áreas que se determinen.

Entre as áreas que se determinarán, as administracións educativas e, se for o caso, os centros, poderán ofrecer, entre outras, disciplinas relacionadas coa aprendizaxe do sistema braille, a tiflotecnoloxía, a autonomía persoal e as linguas de signos.

5. O horario lectivo mínimo correspondente ás disciplinas do bloque de disciplinas troncais, computado de forma global para toda a educación primaria, non será inferior ao 50% do total do horario lectivo fixado por cada Administración educativa como xeral para a dita etapa. Neste cómputo non se terán en conta posibles ampliacións do horario que se poidan establecer sobre o horario xeral.

6. Co fin de facilitar a transición desde a educación primaria á educación secundaria obligatoria, prestarase unha especial atención á coordinación entre ambas as etapas para salvar as diferenzas pedagóxicas e organizativas e os desaxustes que se poidan producir no progreso académico do alumnado, para o que se terá en conta, entre outros mecanismos, o informe indicativo do nivel obtido na avaliación final de etapa.

Artigo 9. *Proceso de aprendizaxe e atención individualizada.*

1. Nesta etapa porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan axiña como se detecten estas dificultades.

2. Co fin de fomentar o hábito da lectura dedicarase un tempo diario a esta.

3. Prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

4. A acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado. O profesor titor coordinará a intervención educativa do conxunto do profesorado do alumnado que titoriza de acordo co que estableza a Administración educativa correspondente, e manterá unha relación permanente coa familia, co fin de facilitar o exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 4.1.d) e g) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do derecho á educación.

5. A intervención educativa debe considerar como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste modo se garante o desenvolvemento de todos eles á vez que unha atención personalizada en función das necesidades de cada un.

6. Os mecanismos de reforzo que se deberán pór en práctica tan axiña como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

Artigo 10. *Elementos transversais.*

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as

tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

2. As administracións educativas fomentarán a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todos, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación educativa de calidade en igualdade de oportunidades.

3. As administracións educativas fomentarán o desenvolvemento dos valores que favorezan a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

As administracións educativas fomentarán a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos e o rexeitamento á violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe comprender, en todo caso, a prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.

Os currículos de educación primaria incorporarán elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sustentable e o ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e a comunicación, así como a protección ante emergencias e catástrofes.

4. Os currículos de educación primaria incorporarán elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor. As administracións educativas fomentarán as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permita afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

5. As administracións educativas adoptarán medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte do comportamento infantil. Para estes efectos, as ditas administracións promoverán a práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte dos alumnos e alumnas durante a xornada escolar, nos termos e condicións que, seguindo as recomendacións dos organismos competentes, garantan un desenvolvemento adecuado para favorecer unha vida activa, saudable e autónoma. O deseño, coordinación e supervisión das medidas que para estes efectos se adopten no centro educativo serán asumidos polo profesorado con cualificación ou especialización adecuada nestes ámbitos.

6. No ámbito da educación e a seguranza viaria, as administracións educativas incorporarán elementos curriculares e promoverán accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías, en calidade de peón, viaxeiro e condutor de bicicletas, respecte as normas e sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Artigo 11. *Promoción.*

1. O alumno ou alumna accederá ao curso ou etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos da etapa ou os que correspondan ao curso realizado, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou

recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que establezan as administracións educativas.

A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto de medidas ordinarias de reforzo e apoio para solucionar as dificultades de aprendizaxe do alumno.

2. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesor tutor.

Atenderase, especialmente, aos resultados das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e final de educación primaria.

Artigo 12. *Avaliacións.*

1. Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das disciplinas dos bloques de disciplinas troncais e específicas serán os criterios de avaliação e estándares de aprendizaxe availables que figuran nos anexos I e II deste real decreto.

A avaliação dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

Estableceranse as medidas más adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliação de terceiro curso e a avaliação final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

No contexto do proceso de avaliação continua, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Os mestres avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

As administracións educativas garantirán o dereito dos alumnos a unha avaliação obxectiva e a que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, para o que establecerán os oportunos procedementos.

2. Naquelhas comunidades autónomas que posúan, xunto ao castelán, outra lingua oficial de acordo cos seus estatutos, os alumnos e alumnas poderán estar exentos de realizar a avaliação da área Lingua Cooficial e Literatura segundo a normativa autonómica correspondente.

3. Os centros docentes realizarán unha avaliação individualizada a todos os alumnos e alumnas ao finalizaren o terceiro curso de educación primaria, segundo dispoñan as administracións educativas, en que se comprobará o grao de dominio das destrezas, capacidades e habilidades en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación co grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática.

De resultar desfavorable esta avaliação, o equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias más adecuadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan solucionar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

4. Ao finalizar o sexto curso de educación primaria realizarase unha avaliação final individualizada a todos os alumnos e alumnas, en que se comprobará o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa. A dita avaliação realizarase de acordo coas características xerais das probas que estableza o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas.

Para a avaliação utilizaranse como referentes os criterios de avaliação e estándares de aprendizaxe availables que figuran nos anexos I e II deste real decreto.

O resultado da avaliación expresarase nos seguintes niveis: insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas.

O nivel obtido por cada alumno ou alumna farase constar nun informe, que será entregado aos pais, nais ou tutores legais e que terá carácter informativo e orientador para os centros en que os alumnos e alumnas cursasen sexto curso de educación primaria e para aqueles en que cursen o seguinte curso escolar, así como para os equipos docentes, os pais, nais ou tutores legais e os alumnos e alumnas. O nivel obtido será indicativo dunha progresión e aprendizaxe adecuadas, ou da conveniencia da aplicación de programas dirixidos ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ou doutras medidas.

As administracións educativas poderán establecer plans específicos de mellora naqueles centros públicos cuxos resultados sexan inferiores aos valores que, para tal obxecto, establecesen. En relación cos centros concertados observarase a normativa reguladora do concerto correspondente.

Artigo 13. *Aprendizaxe de linguas estranxeiras.*

1. As administracións educativas poderán establecer que unha parte das disciplinas do currículo se imparten en linguas estranxeiras sen que isto supoña modificación dos aspectos básicos do currículo regulados no presente real decreto. Neste caso, procurarán que ao longo da etapa o alumnado adquira a terminoloxía propia das disciplinas en ambas as linguas.

2. Os centros que impartan unha parte das disciplinas do currículo en linguas estranxeiras aplicarán, en todo caso, os criterios para a admisión do alumnado establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio. Entre tales criterios non se incluirán requisitos lingüísticos.

3. A lingua castelá ou a lingua cooficial só se utilizarán como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. Priorizaranse a comprensión e a expresión oral.

Estableceranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas no ensino e avaliación da lingua estranxeira para o alumnado con discapacidade, en especial para aquel que presenta dificultades na súa expresión oral. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.

Artigo 14. *Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.*

1. Será de aplicación o indicado no capítulo II do título I da Lei 2/2006, do 3 de maio, nos artigos 71 a 79 bis, ao alumnado que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, para que poida alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Para que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo a que se refire o artigo 71 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu adecuado progreso.

Estableceranse as medidas más adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

2. Corresponde ás administracións educativas adoptar as medidas necesarias para identificar o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe e valorar, de forma temperá, as súas necesidades.

A escolarización do alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe rexerase polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo.

A identificación, valoración e intervención das necesidades educativas deste alumnado realizarase da forma máis temperá posible, nos termos que determinen as administracións educativas.

3. As administracións educativas establecerán as condicións de accesibilidade e recursos de apoio que favorezan o acceso ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais e adaptarán os instrumentos e, se for o caso, os tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado.

As administracións educativas, co fin de facilitar a accesibilidade ao currículo, establecerán os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo, co fin de atender o alumnado con necesidades educativas especiais que as precise. As ditas adaptacións realizaranse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias básicas; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nesas adaptacións.

Sen prexuízo da permanencia durante un curso máis na etapa, prevista no artigo 20.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a escolarización deste alumnado na etapa de educación primaria en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que isto favoreza a súa integración socioeducativa.

4. Corresponde ás administracións educativas adoptar as medidas necesarias para identificar o alumnado con altas capacidades intelectuais e valorar, de forma temperá, as súas necesidades.

Así mesmo, correspónelles adoptar plans de actuación, así como programas de enriquecemento curricular adecuados ás ditas necesidades, que permitan ao alumnado desenvolver ao máximo as súas capacidades.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que determinen as administracións educativas, flexibilizarase nos termos que determine a normativa vixente; a dita flexibilización poderá incluir tanto a impartición de contidos e adquisición de competencias propios de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.

Teranse en consideración o ritmo e o estilo de aprendizaxe do alumnado que presenta altas capacidades intelectuais e do alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.

5. A escolarización do alumnado que se incorpora de forma tardía ao sistema educativo a que se refire o artigo 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, realizarase atendendo ás súas circunstancias, coñecementos, idade e historial académico.

Aqueles que presenten un desfase no seu nivel de competencia curricular de máis de dous anos poderán ser escolarizados no curso inferior ao que lles correspondería por idade. Para este alumnado adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase e que lle permitan continuar con aproveitamento os seus estudos. No caso de superaren o dito desfase, incorporaranse ao curso correspondente á súa idade.

Artigo 15. *Autonomía dos centros docentes.*

1. As administracións educativas fomentarán a autonomía pedagóxica e organizativa dos centros, favorecerán o traballo en equipo do profesorado e estimularán a actividade investigadora a partir da súa práctica docente.

2. Os centros docentes desenvolverán e completarán o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas polas administracións educativas, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa co fin de atender todo o alumnado. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo.

3. Os centros promoverán, así mesmo, compromisos coas familias e cos propios alumnos e alumnas en que se especifiquen as actividades que uns e outros se comprometen a desenvolver para facilitar o progreso educativo.

Artigo 16. Participación de pais, nais e titores legais no proceso educativo.

De conformidade co establecido no artigo 4.2.e) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, os pais, nais ou titores legais deberán participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos seus fillos ou tutelados, así como coñecer as decisións relativas á avaliación e promoción, e colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros para facilitar o seu progreso educativo, e terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e aos exames e documentos das avaliacións que se realicen aos seus fillos ou tutelados.

Disposición adicional primeira. Adaptación de referencias.

As referencias realizadas pola normativa vixente ás disciplinas de educación primaria entenderanse realizadas ás disciplinas correspondentes recollidas neste real decreto.

Disposición adicional segunda. Ensinanzas de relixión.

1. As ensinanzas de relixión incluiranse na educación primaria de acordo co establecido neste real decreto.
2. As administracións educativas garantirán que, ao inicio do curso, os pais, nais ou titores legais e, se for o caso, o alumnado poidan manifestar a súa vontade de que estes reciban ou non ensinanzas de relixión.
3. A determinación do currículo do ensino de relixión católica e das diferentes confesións relixiosas con que o Estado español subscribiu acordos de cooperación en materia educativa será competencia, respectivamente, da xerarquía eclesiástica e das correspondentes autoridades relixiosas.
4. A avaliación do ensino da relixión realizarase de acordo co indicado no artigo 12 deste real decreto.

Disposición adicional terceira. Sistema de préstamos de libros de texto.

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte promoverá o préstamo gratuito de libros de texto e outros materiais curriculares para a educación básica nos centros sostidos con fondos públicos, no seo da Conferencia Sectorial de Educación.

Disposición adicional cuarta. Documentos oficiais de avaliación.

1. Os documentos oficiais de avaliación son o expediente académico, as actas de avaliación, os documentos de avaliación final de etapa e de terceiro curso de educación primaria, o informe indicativo do nivel obtido na avaliación final de etapa, o historial académico e, se for o caso, o informe persoal por traslado.

As administracións educativas establecerán os procedementos oportunos para garantir a autenticidade dos documentos oficiais de avaliación, a integridade dos datos recollidos neles e a súa supervisión e custodia.

Os documentos oficiais de avaliación serán visados polo director do centro e levarán as sinaturas autógrafas das persoas que corresponda en cada caso. Xunto a elas constarán o nome e os apelidos do asinante, así como a referencia ao cargo ou á atribución docente.

O historial académico e, se for o caso, o informe persoal por traslado, considéranse documentos básicos para garantir a mobilidade do alumnado por todo o territorio nacional.

Os documentos oficiais de avaliación deberán recoller sempre a norma da Administración educativa que establece o currículo correspondente e, cando deban producir efectos fóra do ámbito dunha comunidade autónoma cuxa lingua teña

estatutariamente atribuído carácter oficial, observarase o disposto no artigo 36.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Os resultados da avaliación expresaranse na educación básica nos termos insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas.

Os ditos termos irán acompañados dunha cualificación numérica, sen emplegar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7 ou 8.

Sobresaliente: 9 ou 10.

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, arredondada á centésima más próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

As administracións educativas poderán outorgar unha mención honorífica ou matrícula de honra aos alumnos e alumnas que obteñan un sobresaliente ao finalizar educación primaria na área para a que se outorga e que demostrasen un rendemento académico excelente.

3. As actas de avaliación expediránse para cada un dos cursos e cerraranse ao final do período lectivo ordinario e na convocatoria das probas extraordinarias, se for o caso. Comprenderán a relación nominal do alumnado que compón o grupo xunto cos resultados da avaliación das materias e as decisións sobre promoción e permanencia.

As actas de avaliación serán asinadas polo titor do grupo na educación primaria e levarán o visto e prace do director do centro.

4. O historial académico será expedido en impreso oficial, levará o visto e prace do director e terá valor acreditativo dos estudos realizados. Como mínimo, recollerá os datos identificativos do estudiante, as disciplinas cursadas en cada un dos anos de escolarización, os resultados da avaliación en cada convocatoria (ordinaria ou extraordinaria), as decisións sobre promoción e permanencia, a media das cualificacións obtidas en cada unha das áreas, o nivel obtido na avaliación final de educación primaria, a información relativa aos cambios de centro, as medidas curriculares e organizativas aplicadas e as datas en que se produciron os diferentes fitos.

5. Cando o alumno se traslade a outro centro para proseguir os seus estudos, o centro de orixe remitirá ao de destino, e por petición deste, copia do historial académico de educación primaria e o informe persoal por traslado. O centro receptor abrirá o correspondente expediente académico. A matriculación adquirirá carácter definitivo unha vez recibida a copia do historial académico.

O informe persoal por traslado conterá os resultados das avaliacións que se realizasen, a aplicación, se for o caso, de medidas curriculares e organizativas, e todas aquelas observacións que se consideren oportunas acerca do progreso xeral do alumno.

6. Tras finalizar a etapa, o historial académico de educación primaria entregarase aos pais, nais ou titores do alumno ou alumnna, e enviarase unha copia do historial académico e do informe indicativo do nivel obtido na avaliación final de etapa ao centro de educación secundaria en que prosiga os seus estudos o alumno ou alumnna, por petición do dito centro de educación secundaria.

7. No referente á obtención dos datos persoais do alumnado, á cesión destes duns centros a outros e á súa seguranza e confidencialidade, observarase o disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e, en todo caso, o establecido na disposición adicional vixésimo terceira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

8. A custodia e arquivamento dos expedientes académicos corresponde aos centros escolares. A formalización e custodia do expediente académico será supervisada pola Inspección educativa.

As administracións educativas establecerán os procedementos oportunos para garantir a autenticidade dos datos reflectidos no expediente académico e a súa custodia.

9. Os documentos oficiais de avaliación e os seus procedementos de validación descritos nos números anteriores poderán ser substituídos polos seus equivalentes realizados por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, sempre que quede garantida a súa autenticidade, integridade, conservación, e se cumpran as garantías e os requisitos establecidos pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, pola Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e pola normativa que as desenvolve.

O expediente electrónico do alumno estará constituído, ao menos, polos datos contidos nos documentos oficiais de avaliación, e cumplirá co establecido no Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica.

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, logo de consulta ás comunidades autónomas, establecerá a estrutura e formato de, ao menos, os datos contidos nos documentos oficiais de avaliación do expediente electrónico do alumno descritos na presente disposición, de acordo co previsto no artigo 111.bis e no número 4 da disposición adicional vixésimo terceira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, que xunto con outros garantan a interoperabilidade entre os distintos sistemas de información utilizados no Sistema educativo español.

Disposición adicional quinta. *Avaliación final da disciplina Lingua Cooficial e Literatura.*

1. A disciplina Lingua Cooficial e Literatura deberá ser avaliada na avaliación final da etapa e terase en conta para o cálculo da nota obtida na dita avaliación final na mesma proporción que a disciplina Lingua Castelá e Literatura.

2. Corresponde ás administracións educativas competentes concretar os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe availables e o deseño das probas que se apliquen a esta disciplina, que se realizarán de forma simultánea ao resto das probas que compoñen as avaliacións finais.

3. Estarán exentos da realización destas probas os alumnos e alumnas que estean exentos de cursar ou de seren avaliados da disciplina Lingua Cooficial e Literatura, segundo a normativa autonómica correspondente.

Disposición adicional sexta. *Calendario escolar.*

1. O calendario escolar, que fixarán anualmente as administracións educativas, comprenderá un mínimo de 175 días lectivos para as ensinanzas obligatorias.

2. En calquera caso, no cómputo do calendario escolar incluiranse os días dedicados ás avaliacións de terceiro curso e final de educación primaria.

Disposición adicional séptima. *Accións informativas e de sensibilización.*

1. Os ministerios de Educación, Cultura e Deporte, e do Interior, en colaboración coas administracións educativas e coa Fundación de Víctimas del Terrorismo, promoverán a divulgación entre o alumnado do testemuño das vítimas e do seu relato dos feitos.

2. Os ministerios de Educación, Cultura e Deporte, e de Xustiza, en colaboración coas administracións educativas e con organizacións e entidades interesadas, promoverán a divulgación entre o alumnado de información sobre os riscos de explotación e abuso sexual, así como sobre os medios para protexerse, en cumprimento do disposto no artigo 6 do Convenio do Consello de Europa para a protección dos nenos contra a explotación e o abuso sexual.

3. Os ministerios de Educación, Cultura e Deporte, e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, en colaboración coas administracións educativas e con organizacións e entidades interesadas, promoverán entre o alumnado actividades de información, campañas de sensibilización, accións formativas e cantas outras sexan necesarias para a promoción da igualdade de oportunidades e a non discriminación, en especial entre mulleres e homes e persoas con algúns tipos de discapacidade, así como para a prevención da violencia de xénero.

4. Estas actuacións informativas e de sensibilización desenvolveranse mediante a organización nos centros docentes, fóra do horario escolar, de conferencias, seminarios, talleres e todo tipo de actividades, adaptadas á etapa evolutiva dos alumnos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

A partir da total implantación das modificacións indicadas na disposición derradeira primeira, quedará derogado o Real decreto 1513/2006, do 7 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da educación primaria.

Disposición derradeira primeira. *Calendario de implantación.*

As modificacións introducidas no currículo, a organización, obxectivos, promoción e avaliaciós de educación primaria implantaranse para os cursos primeiro, terceiro e quinto no curso escolar 2014-2015, e para os cursos segundo, cuarto e sexto no curso escolar 2015-2016.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial e carácter básico.*

Este real decreto ten o carácter de norma básica e dítase ao abeiro do artigo 149.1.30^a da Constitución, que atribúe ao Estado as competencias para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación dos títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos nesta materia.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para dictar cantas disposicións requira a aplicación do disposto neste real decreto, sen prexuízo das competencias que corresponden ás comunidades autónomas.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de febreiro de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,
JOSÉ IGNACIO WERT ORTEGA

ANEXO I**Disciplinas troncais****a) Ciencias da Natureza.**

As Ciencias da Natureza axúdannos a coñecer o mundo en que vivimos, a comprender o noso contorno e as achegas dos avances científicos e tecnolóxicos á nosa vida diaria. A través das Ciencias da Natureza achegámonos ao traballo científico e á súa contribución ao desenvolvemento, polo que é necesario proporcionar a todos os alumnos e alumnas as bases dunha formación científica que lles axude a desenvolver as competencias necesarias para manexarse nunha realidade cambiante cada vez máis científica e tecnolóxica.

O desenvolvemento da ciencia e a actividade científica é unha das claves esenciais para entender a evolución da humanidade. Na actualidade, a ciencia é un instrumento indispensable para comprender o mundo que nos rodea e os seus cambios, así como para desenvolver actitudes responsables sobre aspectos relacionados cos seres vivos, os recursos e o ambiente. Por todo isto, os coñecementos científicos intégranse no currículo básico da educación primaria e deben formar parte da educación de todos os alumnos e alumnas.

A través da área de Ciencias da Natureza os alumnos e alumnas inicianse no desenvolvemento das principais estratexias da metodoloxía científica, tales como a capacidade de formular preguntas, identificar o problema, formular hipóteses, planificar e realizar actividades, observar, recoller e organizar a información relevante, sistematizar e analizar os resultados, sacar conclusións e comunicalas, traballando de forma cooperativa e facendo uso de forma adecuada dos materiais e ferramentas.

A área inclúe conceptos, procedementos e actitudes que axuden aos alumnos e alumnas a interpretar a realidade para poder abordar a solución aos diferentes problemas que nela se presentan, así como a explicar e predir fenómenos naturais e a afrontar a necesidade de desenvolver actitudes críticas ante as consecuencias que resultan dos avances científicos. O traballo na área das Ciencias da Natureza pretende desenvolver unha actitude de toma de conciencia, participación e toma de decisións argumentadas ante os grandes problemas a que nos enfrentamos na actualidade, axudándonos a valorar as consecuencias.

Por outra parte, os contidos das Ciencias da Natureza están conectados cos propostos noutras áreas, polo que cómpre traballar as relacións existentes entre elas.

O currículo básico formulouse partindo do desenvolvemento cognitivo e emocional en que se encontra o alumnado desta etapa, da concreción do seu pensamento, das súas posibilidades cognitivas, do seu interese por aprender e relacionarse cos seus iguais e co contorno e do seu paso cara a un pensamento abstracto ao final da etapa.

Na área de Ciencias da Natureza, os contidos organizáronse arredor dalgúns conceptos fundamentais: iniciación á actividade científica, os seres vivos, o ser humano e a saúde, a materia e a enerxía, a tecnoloxía, os obxectos e as máquinas, conceptos que facilitan o establecemento de relacións entre os diferentes contidos seleccionados. O seu tratamento debe permitir que os alumnos e alumnas avancen na adquisición das ideas do coñecemento científico, na súa organización e estruturación, como un todo articulado e coherente. No que se refire aos contidos procedementais, os relacionados co «saber facer» teórico e práctico, os alumnos e alumnas débense iniciar en coñecer e utilizar algunas das estratexias e técnicas habituais na actividade científica, tal como a observación, a identificación e análise de problemas, a recollida, organización e tratamiento de datos, a emisión de hipóteses, o deseño e desenvolvemento da experimentación, a busca de solucións e a utilización de fontes de información, incluíndo no posible as proporcionadas por medios tecnolóxicos e a comunicación dos resultados obtidos.

Por último, para o desenvolvemento de actitudes e valores, os contidos seleccionados deben promover a curiosidade, o interese e o respecto cara a si mesmo e cara aos

demaís, cara á natureza, cara ao traballo propio das ciencias experimentais e o seu carácter social, e a adopción dunha actitude de colaboración no traballo en grupo.

Preséntase un bloque de contidos comúns, Iniciación á actividade científica, no que se inclúen os procedementos, actitudes e valores relacionados co resto dos bloques que, dado o seu carácter transversal, se deben desenvolver dunha maneira integrada.

Debido ao carácter da área, os contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais formulados, e tendo en conta os diferentes estilos de aprendizaxe, a actividade da aula xirará arredor da realización de actividades en que o alumnado debe ter participación.

De igual forma, dada a súa crecente importancia, débense iniciar os alumnos e alumnas no uso das tecnoloxías da información e a comunicación, para buscar información e para tratala e presentala, así como para realizar simulacións interactivas e representar fenómenos de difícil realización experimental.

Os criterios e estándares de avaliación que se establecen no currículo básico supoñen unha formulación available das capacidades expresadas nos obxectivos xerais da educación primaria, asociadas aos contidos fundamentais desta área, e mostran as competencias que o alumnado debe adquirir.

Ciencias da Natureza

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe availables
<p>Iniciación á actividade científica. Aproximación experimental a algunas cuestións.</p> <p>Utilización de diferentes fontes de información (directas, libros).</p> <p>Lectura de textos propios da área.</p> <p>Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e presentar conclusiones.</p> <p>Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes, na aula e no centro.</p> <p>Utilización de diversos materiais, tendo en conta as normas de seguraza.</p> <p>Traballo individual e en grupo.</p> <p>Técnicas de estudo e traballo. Desenvolvemento de hábitos de traballo. Esforzo e responsabilidade.</p> <p>Planificación de proxectos e presentación de informes.</p> <p>Realización de proxectos.</p>	<p>1. Obrir información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directas e indirectas e comunicando os resultados.</p> <p>2. Establecer conjecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como dos que provocan, a través dun experimento ou dunha experiencia.</p> <p>3. Comunicar de forma oral e escrita os resultados obtidos tras a realización de diversas experiencias, presentándos os resultados con apoios gráficos.</p> <p>4. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coñado pola seguraza propia e dos seus compañeiros, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais.</p> <p>5. Realizar proxectos e presentar informes.</p>	<p>Bloque 1. Iniciación á actividade científica</p> <p>1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analiza, obtén conclusiones, comunica a súa experiencia, reflexiona acerca do proceso seguido e comunicado oralmente e por escrito.</p> <p>1.2. Utiliza medios propios da observación.</p> <p>1.3. Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.</p> <p>1.4. Desenvolve estratexias adecuadas para acceder á información dos textos de carácter científico.</p> <p>2.1. Manifiesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</p> <p>3.1. Utiliza, de maneira adecuada, o vocabulario correspondente a cada un dos bloques de contidos.</p> <p>3.2. Expón oralmente, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área manifestando a compresión de textos orais e/ou escritos.</p> <p>4.1. Usa de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas, etc.).</p> <p>4.2. Fai un uso adecuado das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de lecer.</p> <p>4.3. Coñece e utiliza as medidas de protección e seguranza persoal que debe utilizar no uso das tecnoloxías da información e a comunicación.</p> <p>4.4. Presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpia, en soporte papel e digital.</p> <p>4.5. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, mostrando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.</p> <p>4.6. Coñece e respecta as normas de uso e de seguraza dos instrumentos e dos materiais de traballo.</p> <p>5.1. Realiza experiencias simples e pequenas investigacións; formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusiones e comunicando os resultados.</p> <p>5.2. Realiza un proxecto, traballando de forma individual ou en equipo, e presenta un informe, utilizando soporte papel e/ou digital, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet), con diferentes medios e comunicando de forma oral a experiencia realizada, apoándose en imaxes e textos escritos.</p>

Contidos	Criterios de avaliación	Estandares de aprendizaxe availables
Bloque 2. O ser humano e a saúde		
O corpo humano e o seu funcionamento. Anatomía e fisiología. Aparellos e sistemas. As funcións vitais no ser humano: Función de relación (órganos dos sentidos, sistema nervioso, aparello locomotor). Función de nutrición (aparellos respiratorio, digestivo, circulatorio e excretor). Función de reproducción (aparello reprodutor). Saúde e enfermidade. Principais enfermidades que afectan os aparellos e sistemas do organismo humano.	1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano: nutrición (aparellos respiratorio, digestivo, circulatorio e excretor), reproducción (aparello reprodutor), relación (órganos dos sentidos, sistema nervioso, aparello locomotor). Algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde. 2. Conocer o funcionamento do corpo humano: células, teñidos, órganos, aparellos, sistemas; a súa localización, forma, estrutura, funcións, coñecidos, etc. 3. Relacionar determinadas prácticas de vida co funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables, sabendo as repercuções para a saúde do seu modo de vida.	1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano: nutrición (aparellos respiratorio, digestivo, circulatorio e excretor), reproducción (aparello reprodutor), relación (órganos dos sentidos, sistema nervioso, aparello locomotor). 2.1. Identifica e describe as principais características das funcións vitais do ser humano. 2.2. Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, digestivo, locomotor, circulatorio e excretor, e explica as principais funcións. 3.1. Reconoce estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o cuidado e mantemento dos diferentes órganos e aparellos. 3.2. Identifica e valora hábitos saudables para previr enfermidades e manéñi unsa conduta responsable. 3.3. Identifica e adopta hábitos de hixiene, coñecido e descanso. 3.4. Coñece e explica os principios das dietas equilibradas, identificando as prácticas saudables para previr e detectar os riscos para a saúde. 3.5. Reconoce os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas. 3.6. Observa, identifica e describe algunhas avances da ciencia que melloran a saúde (medicina, produción e conservación de alimentos, potabilización da auga, etc.). 3.7. Coñece e utiliza técnica de primeiros auxilios, en situacións simuladas e reais. 3.8. Identifica emocións e sentimentos propios, dos seus compañeiros e dos adultos, manifestando conductas empáticas. 3.9. Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de maneira eficaz. 3.10. Reflexiona sobre o traballo realizado, saca conclusiones sobre como traballa e aprende e elabora estratexias para seguir aprendendo. 3.11. Planifica, de forma autónoma e creativa, actividades de lecer e tempo libre, individuais e en grupo. 3.12. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e desenvolve iniciativa na toma de decisiones, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe availables
Bloque 3. Os seres vivos		
Seres vivos, seres inertes. Diferenciación. Organización interna dos seres vivos. Estrutura dos seres vivos: células, tecidos: tipos: órganos; aparellos e sistemas: principais características e funcións. Os seres vivos: características, clasificación e tipos. Os animais vertebrados e invertebrados, características e clasificación. As plantas: a estrutura e fisiología das plantas. A fotosíntese e a súa importancia para a vida na Terra. As relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas. Características e componentes dun ecosistema. Ecosistemas: pradeira, charca, bosque, litoral e cidade e os seres vivos. A biosfera, diferentes hábitats dos seres vivos. Respeto das normas de uso, de segurança e de manemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo. Interese pola observación e o estudo rigoroso de todos os seres vivos. Hábitos de respecto e cuidado cara aos seres vivos. Normas de preventión de riscos. Uso de medios tecnolóxicos para o estudo dos seres vivos.	1. Conocer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas; identificando as principais características e funcións de cada un deles. 2. Conocer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos. 3. Conocer as características e componentes dun ecosistema. 4. Usar medios tecnolóxicos, respectando as normas de uso, de segurança e de manemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo, mostrando interese pola observación e o estudo rigoroso de todos os seres vivos, e hábitos de respecto e cuidado cara aos seres vivos.	1.1. Identifica e explica as diferenzas entre seres vivos e seres inertes. 1.2. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, identificando as principais características e funcións de cada un deles. 2.1. Observa e identifica as características e clasifica os seres vivos: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos. Outros reinos. 2.2. Observa directa e indirectamente, identifica características, reconoce e clasifica animais invertebrados. 2.3. Observa directa e indirectamente, identifica características, reconoce e clasifica os animais vertebrados. 2.4. Observa directa e indirectamente, identifica características e plantas. 2.5. Utiliza guías na identificación de animais e plantas. 2.6. Explica a importancia da fotosíntese para a vida na Terra. 3.1. Identifica e explica as relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas. 3.2. Identifica e explica algunas das causas da extinción de especies. 3.3. Observa e identifica as principais características e componentes dun ecosistema. 3.4. Reconoce e explica alguns ecosistemas: pradeira, charca, bosque, litoral e cidade, e os seres vivos que neles habitan. 3.5. Observa e identifica diferentes hábitats dos seres vivos. 4.1. Mostra condutas de respecto e cuidado cara aos seres vivos. 4.2. Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos nos diferentes traballos que realiza. 4.3. Manifiesta unha certa precisión e rigor na observación e na elaboración dos traballos. 4.4. Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utilizando os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropriados, comunicando, de maneira oral e escrita, os resultados. 4.5. Respecta as normas de uso, de segurança e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo.

Contidos	Criterios de avaliación	Bloque 4. Materia e enerxía	Estándares de aprendizaxe availables
<p>Estudo e clasificación dealguns materiais polas súas propiedades. Utilidade dealguns avances, produtos e materiais para o progreso da sociedade.</p> <p>Diferentes procedementos para a medida da masa e o volume dun corpo.</p> <p>Explicación de fenómenos físicos observables en termos de diferenzas de flotabilidade nun medio líquido.</p> <p>Predición de cambios no movemento ou na forma dos corpos por efecto das forzas.</p> <p>Concepto de enerxía. Diferentes formas de enerxía. Fontes de enerxía e materias primas: a súa orixe. Enerxías renovables e non renovables.</p> <p>A luz como fonte de enerxía. Electricidade: a corrente eléctrica. Circuitos eléctricos. Magnetismo: o magnetismo terrestre. O imán: o compás.</p> <p>Planificación e realización de experiencias diversas para estudar as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento ante a luz, o son, a calor, a humidade e a electricidade.</p> <p>Observación dealguns fenómenos de natureza eléctrica e os seus efectos (luz e calor). Atracción e repulsión de cargas eléctricas.</p> <p>Separación de componentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou dissolución.</p> <p>Reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.</p> <p>Utilidade dealguns avances, produtos e materiais para a sociedade.</p> <p>Fuentes de energías renovables y no renovables.</p>	<p>1. Estudar e clasificar materiais polas súas propiedades.</p> <p>2. Confece os procedementos para a medida da masa, o volume, a densidade dun corpo.</p> <p>3. Confece leis básicas que rexen fenómenos, como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica ou o cambio de estado, as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.</p> <p>4. Planificar e realizar sínxelas investigacións para estudar o comportamento dos corpos ante a luz, a electricidade, o magnetismo, a calor ou o son.</p> <p>5. Realizar experiencias sínxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia.</p> <p>Concepto de enerxía. Diferentes formas de enerxía. Fontes de enerxía e materias primas: a súa orixe. Enerxías renovables e non renovables.</p> <p>A luz como fonte de enerxía. Electricidade: a corrente eléctrica. Circuitos eléctricos. Magnetismo: o magnetismo terrestre. O imán: o compás.</p> <p>Planificación e realización de experiencias diversas para estudar as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento ante a luz, o son, a calor, a humidade e a electricidade.</p> <p>Observación dealguns fenómenos de natureza eléctrica e os seus efectos (luz e calor). Atracción e repulsión de cargas eléctricas.</p> <p>Separación de componentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou dissolución.</p> <p>Reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.</p> <p>Utilidade dealguns avances, produtos e materiais para a sociedade.</p> <p>Fuentes de energías renovables y no renovables.</p>	<p>5.7. Observa, identifica, describe e clasifica algúns materiais polas súas propiedades (dureza, solubilidade, estado de agregación, conductividade térmica).</p> <p>2.1. Utiliza diferentes procedementos para a medida da masa e o volume dun corpo.</p> <p>2.2. Identifica e explica fenómenos físicos observables en termos de diferenzas de densidade.</p> <p>2.3. Identifica e explica as principais características da flotabilidade nun medio líquido.</p> <p>3.1. Confece as leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz e a transmisión da corrente eléctrica.</p> <p>3.2. Confece as leis básicas que rexen o cambio de estado, as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.</p> <p>4.1. Planifica e realiza sínxelas experiencias e predi cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas ou das achegas de enerxía, comunicando o proceso seguido e o resultado obtido.</p> <p>4.2. Identifica e explica algunas das principais características das diferentes formas de enerxía: mecánica, lumínica, sonora, eléctrica, térmica, química.</p> <p>4.3. Identifica e explica algunas das principais características das enerxías renovables e non renovables, identificando as diferentes fontes de enerxía e materias primas e a orixe de que provéan.</p> <p>4.4. Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización da enerxía: esgotamento, chuvia ácida, radiactividade, expondo posibles actuacións para un desenvolvemento sustentable.</p> <p>4.5. Realiza experiencias sínxelas para separar os componentes dunha mestura mediante: destilación, filtración, evaporación ou dissolución, comunicando, de forma oral e escrita, o proceso seguido e o resultado obtido.</p> <p>5.1. Identifica e expón as principais características das reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.</p> <p>5.2. Separa os componentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou dissolución.</p> <p>5.3. Observa de maneira sistemática, aprecia e explica os efectos da calor no aumento de temperatura e dilatación dealguns materiais.</p> <p>5.4. Identifica, experimenta e exemplifica argumentando algunos cambios de estado e a sua reversibilidade.</p> <p>5.5. Investiga a través da realización de experiencias sínxelas sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia: formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, extraendo conclusiones, comunicando resultados, manifestando competencia en cada una das fases, así como no coñecemento das leis básicas que rexen os fenómenos estudiados.</p> <p>5.6. Investiga a través da realización de experiencias sínxelas para chegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen fenómenos, como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica, o cambio de estado, as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.</p> <p>5.7. Respecta as normas de uso, seguranza e de conservación dos instrumentos e dos materiais de traballo na aula e no centro.</p>	<p>Estándares de aprendizaxe availables</p>

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe availables
Máquinas e aparellos. Tipos de máquinas na vida cotiá e a súa utilidade. Análise de operadores e utilización na construcción dun aparello. Construcción de estruturas sínxelas que cumpran unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas. A electricidade no desenvolvemento das máquinas. Elementos dos circuitos eléctricos. Efectos da electricidade. Condutores e illantes. A relación entre electricidade e magnetismo. A ciencia: presente e futuro da sociedade. Beneficios e riscos das tecnoloxías e produtos Importantes descubrimientos e inventos. Tratamento de textos. Busca guiada de información na rede. Control do tempo e uso responsable das tecnoloxías da información e a comunicación.	Bloque 5. A tecnoloxía, obxectos e máquinas 1. Conocer os principios básicos que rexen máquinas e aparellos. 2. Planificar a construcción de obxectos e aparellos cunha finalidade previa, utilizando fontes enerxéticas, operadores e materiais apropiados, realizando o traballo individual e en equipo, e proporcionando información sobre que estratexias se empregaron. 3. Conocer as leis básicas que rexen os fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión de corrente eléctrica. das 4. Realizar experiencias sínxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos da materia: formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, montando, realizando, extraendo conclusiones, comunicando resultados, aplicando coñecementos básicos das leis básicas que rexen estes fenómenos, como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica. A ciencia: presente e futuro da sociedade. Beneficios e riscos das tecnoloxías e produtos Importantes descubrimientos e inventos. Tratamento de textos. Busca guiada de información na rede. Control do tempo e uso responsable das tecnoloxías da información e a comunicación.	1.1. Identifica diferentes tipos de máquinas, e clasifícas segundo o número de pezas, a maneira de accionállas e a acción que realizan. 1.2. Observa, identifica e describe algúns dos componentes das máquinas. 1.3. Observa e identifica algúnh das aplicacións das máquinas e aparellos e a súa utilidade para facilitar as actividades humanas. 2.1. Constitúe algúnh estrutura sínxela que cumpla unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas (escalera, ponte, tobogán, etc.) 3.1. Observa e identifica os elementos dun circuito eléctrico e constrúe un. 3.2. Observa, identifica e explica algúns efectos da electricidade. 3.3. Expon exemplos de materiais condutores e illantes, argumentando a súa exposición. 3.4. Observa e identifica as principais características e os imáns e relaciona a electricidade e magnetismo. 3.5. Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade. 4.1. Elabora un informe como técnica para o rexistro dun plan de traballo, comunicando, de forma oral e escrita, as conclusions. 4.2. Valora e describe a influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e no traballo. 4.3. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e a vida cotiá, a medicina, a cultura e o lecer, a arte, a música, o cine e o deporte e as tecnoloxías da información e a comunicación. 4.4. Efectúa buscas guiadas de información na rede. 4.5. Coñece e aplica estratexias de acceso e traballo na internet. 4.6. Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.

b) *Ciencias Sociais.*

Nas Ciencias Sociais intégranse diversas disciplinas que estudan as persoas como seres sociais e a súa realidade nos seus aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos. O obxecto das Ciencias Sociais nesta etapa é aprender a vivir en sociedade, coñecendo os mecanismos fundamentais da democracia e respectando as regras da vida colectiva.

O currículo básico da área de Ciencias Sociais de educación primaria contén os elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe desta área, que terá un carácter global e integrador.

Os contidos agrupáronse en bloques que permiten unha identificación dos principais ámbitos que componen as Ciencias Sociais.

En primeiro lugar, o bloque 1 establece as características do currículo básico común a toda a área e as técnicas de traballo con que afrontar a área.

No bloque 2, O mundo en que vivimos, realiza o estudo da xeografía tanto no contorno, que achega o alumno á súa realidade, como en medios más afastados para que teña unha visión máis global.

Neste bloque utilizaranxe diferentes tipos de textos, cadros e gráficos, esquemas, representacións cartográficas, fotografías e imaxes sintéticas para identificar e localizar obxectos e feitos xeográficos e explicar a súa distribución a distintas escalas, en especial no territorio español. Utilizaranxe, así mesmo, fontes xeográficas de información: textos escritos, series estatísticas, gráficos e imaxes, para elaborar bosquejos e gráficos apropiados. Identificaranse os elementos da paisaxe (relevo, clima, hidrografía...) e describiranse e caracterizaranse os principais medios naturais e a súa localización. Por último, analizaranxe a influencia humana no medio e as súas consecuencias ambientais.

O bloque 2 inclúe, así, contidos que van desde o Universo, a representación da Terra e a orientación no espazo, á auga e o consumo responsable, o clima e o cambio climático, a paisaxe e a intervención humana no medio.

A través dos contidos do bloque 3, Vivir en sociedade, será posible iniciar un proceso de comprensión acerca das formas de recoñecer as características dos distintos grupos sociais, respectando e valorando as súas diferenzas, quen son os seus integrantes, como se distribúen no espazo físico, de que maneira se distribúe o traballo entre os seus membros, como se producen e reparten os bens de consumo, a vida económica dos cidadáns, a capacidade emprendedora dos membros da sociedade e o estudo da empresa, que comprenderá a función dinamizadora da actividade empresarial na sociedade, a organización social, política e territorial e o coñecemento das institucións europeas, a poboación, os sectores de producción, e educación financeira elemental.

No bloque 4, As pegadas do tempo, traballarase a comprensión de conceptos como o tempo histórico e a súa medida, a capacidade de ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes utilizando para isto as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. Estudaranse as grandes etapas históricas da Humanidade para adquirir a idea de idade da Historia e datar as cinco idades da Historia, asociadas aos feitos que marcan os seus inicios e os seus finais, para o que é preciso coñecer as condicións históricas, eventos e figuras en diferentes períodos de tempo.

É importante para os alumnos adquirir as referencias históricas que lles permitan elaborar unha interpretación persoal do mundo, a través duns coñecementos básicos de historia de España e da comunidade autónoma, con respecto e valoración dos aspectos comúns e dos de carácter diverso.

Neste bloque utilizaranxe mapas e calquera outra representación gráfica adecuada para a identificación e análise de procesos históricos, para dar a coñecer os procedementos básicos para o comentario das ditas fontes.

É importante que o alumnado desenvolva a curiosidade por coñecer as formas de vida humana no pasado e que valore a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.

Neste bloque tamén se desenvolve a capacidade para valorar e respectar o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico, e asumir as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.

A secuenciación dos contidos está relacionada coa evolución do alumno, xa que este constrúe a súa propia aprendizaxe e o seu concepto de tempo histórico en relación co seu desenvolvemento, tanto cognitivo como madurativo, para poder identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos relevantes e distinguir, dentro da evolución histórica, as nocións de cambio e permanencia e, así, interpretar a historia como medio que facilita a comprensión do presente que estuda a causalidade e as consecuencias dos feitos históricos.

A área fomenta o desenvolvemento de hábitos de traballo individual e de equipo, ademais do esforzo como elemento esencial do proceso de aprendizaxe e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.

Resulta, así mesmo, imprescindible para o alumnado adquirir e emplegar con precisión e rigor o vocabulario específico da área, e seleccionar información, cos métodos e as técnicas propios da Xeografía e da Historia, para explicar as causas e consecuencias dos problemas e para comprender o pasado histórico e o espazo xeográfico.

As tecnoloxías da información e a comunicación deben utilizarse como recursos para a aprendizaxe das materias curriculares, para obter información e como instrumento para aprender, coñecer e utilizar as palabras clave e conceptos necesarios para ser quen de ler, escribir e falar sobre ciencias sociais.

Ensinar e aprender Ciencias Sociais é mostrar pleno respecto dos dereitos humanos, incluída a igualdade como base da democracia e a comprensión das diferenzas existentes entre os sistemas de valores das distintas relixións ou grupos étnicos e valorar os dereitos humanos básicos. Esta actitude tamén inclúe manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto polos valores compartidos que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, como o respecto dos principios democráticos.

A finalidade última da área é conseguir a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación. Prevese tamén como fin, a cuxa consecución se orienta o Sistema educativo español, a preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacions cambiantes da sociedade do coñecemento.

Ciencias Sociais

Contidos	Criterios de avaliación	Bloque 1. Contidos comúns	Estándares de aprendizaxe availables
Iniciación ao coñecemento científico e a súa aplicación nas Ciencias Sociais. Recollida de información do tema que se vai tratar utilizando diferentes fontes (directas e indirectas). Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para buscar e seleccionar información e presentar conclusiones. Desenvolvemento de estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información obtida mediante diferentes métodos e fontes. Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e gráficas. Técnicas de traballo intelectual. Estratexias para desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo. Fomento de técnicas de animación á lectura de textos de divulgación das Ciencias Sociais (de carácter social, xeográfico e histórico). Utilización de estratexias para potenciar a cohesión do grupo e o traballo cooperativo. Uso e utilización correcta de diversos materiais con que se traballa. Planificación e xestión de proxectos co fin de alcanzar obxectivos. Iniciativa emprendedora. Estratexias para a resolución de conflictos. Utilización das normas de convivencia e valoración da convivencia pacífica e tolerante.	1. Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas). 2. Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información para obter información para obtener información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) expresar contidos sobre ideias sociais. 3. Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo. 4. Realizar traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, mostrando habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro dun equipo. 5. Valorar o traballo en grupo, mostrando actitudes de cooperación e participación responsable, aceptando as diferenzas con respecto e tolerancia cara ás ideas e achegas alleas nos diálogos e debates. 6. Respetar a variedade dos diferentes grupos humanos e valorar a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre todos eles sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos. 7. Participar dunha maneira eficaz e construtiva na vida social creando estratexias para resolver conflitos. 8. Valorar a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos, fomentando os valores democráticos. 9. Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor, aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras. 10. Desenvolver actitudes de cooperación e de traballo en equipo, así como o hábito de asumir novos roles nunha sociedade en continuo cambio.	1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analiza, obtén conclusiones, reflexiona acerca do proceso seguido e comunica oralmente e/o por escrito. 2.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación adecuada aos temas tratados. 2.2. Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación. 3.1. Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpia. 3.2. Utiliza con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados. 3.3. Expón oralmente, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área que manifesten a comprensión de textos orais e/ou escritos. 4.1. Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico. 5.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, e mostra habilidades para a resolución pacífica de conflitos. 5.2. Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, constructivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático. 6.1. Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos. 7.1. Participa dunha maneira eficaz e construtiva na vida social e crea estratexias para resolver conflitos. 7.2. Identifica e utiliza os códigos de conduta e os usos xeralmente acepados nas distintas sociedades e contextos (escuela, familia, barrio, etc.). 8.1. Valora a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos e fomenta os valores democráticos. 9.1. Muestra actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa personal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor que o fan activo ante as circunstancias que o rodean. 9.2. Manifiesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisiones. 10.1. Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, valora as ideas alleas e reacciona con intuición, apertura e flexibilidade ante elas. 10.2. Planifica traballos en grupo, coordina equipos, toma decisións e acepta responsabilidades.	

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe availables
O Universo e o Sistema Solar: o Sol. Os planetas. O planeta Terra e a Lúa, o seu satélite. Características. Movimentos e as súas consecuencias. A representación da Terra. Orientación no espazo. Globos terrestres. Identificación dos polos, eixe e os hemisferios. Cartografía. Planos e mapas. Escalas. Puntos da Terra: os paralelos e meridianos. Coordenadas xeográficas: latitude e longitude. O planisferio: físico e político. A atmosfera. Fenómenos atmosféricos. O tempo atmosférico. Medición e predición. Mapas do tempo. Símbolos convencionais. O clima e factores climáticos. As grandes zonas climáticas do planeta. Os tipos de climas de España e as súas zonas de influencia. A hidroferia. Distribución das augas no planeta. O ciclo da auga. A litosfera: características e tipos de rochas. Rochas e minerais: propiedades e utilidades. A diversidade xeográfica das paisaxes de España: relevo e hidrografia. A diversidade xeográfica das paisaxes de Europa: relevo, climas e hidrografia. A intervención humana no medio. O desenvolvemento sustentable. Os problemas da contaminación. O cambio climático: causas e consecuencias. Consumo responsable.	Bloque 2. O mundo en que vivimos 1. Explicar como é e de que forma se orixinou o Universo e explica os seus principais componentes. 2. Describir as características principais do Sistema Solar identificando diferentes tipos de astros e as súas características. 3. Localizar o planeta Terra e a Lúa no Sistema Solar explicando as súas características, movementos e consecuencias. 4. Identificar as capas da Terra segundo a súa estrutura, xa sexa interna ou externa. 5. Explicar as distintas formas de representar a superficie terrestre. 6. Describir correctamente planos e mapas interpretando a súa escala e signos convencionais. 7. Identificar e manexar os conceptos de paralelos, meridianos e coordenadas xeográficas. 8. Identificar a atmosfera como escenario dos fenómenos meteorolóxicos, explicando a importancia do seu colado. 9. Explicar a diferenza entre clima e tempo atmosférico e interpretar mapas do tempo. 10. Identificar os elementos que influen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores que o determinan. 11. Reconocer as zonas climáticas mundiais e os tipos de climas de España identificando algunas das súas características básicas. 12. Explicar a hidroferia, identificar e nomear masas e cursos de auga, diferenciando augas superficiais e augas subterráneas, bacías e vertentes hidrográficas, describindo o ciclo da auga. 13. Adquirir o concepto de litosfera, conhecer algunos tipos de rochas e a súa composición identificando distintos minerais e algunas das súas propiedades. 14. Explicar que é unha paisaxe e identificar os principais elementos que a componen. 15. Describir as características do relevo de España e a súa rede hidrográfica, localizándoo nun mapa. 16. Identificar as principais unidades do relevo de Europa, os seus climas e a súa rede hidrográfica, localizándoo nun mapa. 17. Explicar a influencia do comportamento humano no medio natural, identificando o uso sustentable dos recursos naturais, propoñendo unha serie de medidas necesarias para o desenvolvemento sustentable da humanidade e especificando os seus efectos positivos. 18. Explicar as consecuencias que teñen as nosas accións sobre o clima e o cambio climático.	1.1. Describe como é e de que forma se orixinou o Universo e explica os seus principais componentes identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteriode e cometa. 2.1. Describe as características componentes e movementos do Sistema Solar, identificando o Sol no centro do Sistema Solar e localizando os planetas segundo a súa proximidade. 3.1. Define o período de translación terrestre, o eixe de xiro e os polos xeográficos e associa as estacións do ano ao seu efecto combinado. 3.2. Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e como unidades para medir o tempo. 3.3. Define a translación da lúa identificando e nomeando as fases lunares. 4.1. Identifica, nomea e describe as capas da Terra. 5.1. Explica as distintas representacións da Terra, planos, mapas, planisfeitos e globos terrestres. 6.1. Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, incluíndo os planisfeitos, define que é a escala nun mapa e utiliza e interpreta os signos convencionais más usuais que poden aparecer nel. 7.1. Localiza os diferentes puntos da Terra empregando os paralelos e meridianos e as coordenadas xeográficas. 8.1. Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións. 8.2. Explica a importancia de condar a atmosfera e as consecuencias de non facelo. 9.1. Explica cal é a diferenza entre tempo atmosférico e clima. 9.2. Identifica os distintos aparellos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos, clasificándoos segundo a información que proporcionan. 9.3. Describe unha estación meteorolóxica, explica a súa función e confección e interpreta gráficos sinxelos de temperaturas e precipitacións. 9.4. Interpreta mapas meteorolóxicos sinxelos distinguindo os seus elementos principais. 10.1. Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinan. 11.1. Explica que é unha zona climática, nomeando as tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características principais. 11.2. Describe e señala nun mapa os tipos de climas de España e as zonas a que afecta cada un, interpretando e analizando clíogramas de distintos territorios de España relacionándoo co clima a que pertenecen. 12.1. Define hidroferia, e identifica e nomea masas e cursos de auga explicando como se forman as augas subterráneas, como afloran e como se accede a elas. 12.2. Describe ordenadamente as fases en que se produce o ciclo da auga. 12.3. Diferencia bacías e vertentes hidrográficas. 12.4. Identifica e nomea os tramos dun río e as características de cada un deles. 13.1. Observa, identifica, e explica a composición das rochas nomeando algúns dos seus tipos. 13.2. Identifica e explica as diferenzas entre rochas e minerais, describe os seus usos e utilidades, clasificando algúns minerais segundo as súas propiedades. 14.1. Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características das principais paisaxes de España e Europa, valorando a súa diversidade. 15.1. Localiza nun mapa as principais unidades do relevo de España e as súas vertentes hidrográficas. 15.2. Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España. 16.1. Localiza nun mapa o relevo de Europa, as súas vertentes hidrográficas e os seus climas. 16.2. Reconoce os principais trazos do relevo, os ríos e o clima de Europa. 17.1. Explica o uso sustentable dos recursos naturais, propoñendo e adoptando unha serie de medidas e actuacións que conducen á mellora das condicións ambientais do noso planeta. 18.1. Explica as causas e consecuencias do cambio climático e as actuacións responsables para frealo.

Contidos	Criterios de avaliación	Bloque 3. Vivir en sociedade	Estándares de aprendizaxe availables
A organización social, política e territorial do Estado español, así como os dereitos, deberes e liberdades recollidos nela. Dereitos e deberes dos cidadáns. A Constitución 1978. Forma de goberno. A monarquía parlamentaria. Entidades territoriais e órganos de goberno. Manifestacións culturais e lingüísticas de España. A Unión Europea. A poboación. Factores que modifican a poboación dun territorio. Poboación absoluta. Densidade de poboación. Variables demográficas. Distribución espacial, crecimiento natural e crecimiento real da poboación. Representación gráfica. Pobocación de España: distribución e evolución. Os movementos migratorios. Pobocación de Europa: distribución e evolución. As actividades produtivas: Recursos naturais, materias primas. Produtos elaborados. Artesanía e industria. As formas de produción. O sector servizos. As actividades económicas e os sectores de produción de España e Europa. A produción de bens e servizos. O consumo e a publicidade. Educación financeira. O dinheiro. O aforro. Empresabilidade e espírito emprendedor. A empresa. Actividade e funcións. Educación vixaria. Adquisición de coñecementos que contribúan a consolidar condutas e hábitos vixarios correctos.	1. ExPLICAR a importancia que ten a Constitución para o funcionamento do Estado español, así como os dereitos, deberes e liberdades recollidos nela. 2. IDENTIFICAR as institucións políticas que derivan da Constitución. 3. DESCRIBIR a organización territorial do Estado español. 4. VALORAR a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español, respectando as diferencias. 5. IDENTIFICAR a estrutura e os fins da Unión Europea, explicando algunas vantaxes derivadas do feito de formar parte da Unión Europea. 6. COMPRENDER os principais conceptos demográficos e a súa relación cos factores xeográficos, sociais económicos ou culturais. 7. DISTINGUIR os principais trazos da poboación española e europea, explicando a súa evolución e a súa distribución demográfica, representándoa graficamente. 8. DESCRIBIR os movementos migratorios da poboación en España. 9. EXPLICAR as diferencias entre materias primas e os produtos elaborados, identificando as actividades que se realizan para obxectos. 10. IDENTIFICAR as actividades que pertenecen a cada un dos sectores económicos, describir as súas características, reconhecendo as principais actividades económicas de España e Europa. 11. DESCRIBIR o funcionamento da publicidade e as súas técnicas, distinguindo publicidade educativa e publicidade consumista. 12. TOMAR conciencia do valor do dinheiro e os seus usos mediante un consumo responsable e o sentido do aforro. 13. COMPRENDER os beneficios que ofrece o espírito emprendedor. 14. EXPLICAR as características esenciais dunha empresa, especificando as diferentes actividades e formas de organización que poden desenvolver distinguindo entre os distintos tipos de empresas. 15. CONFECER e respetar as normas de circulación e fomentar a seguranza viaria en todos os seus aspectos.	1.1. IDENTIFICA, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución e explica a importancia que a Constitución ten para o funcionamento do Estado español. 2.1. IDENTIFICA as principais institucións do Estado español e describe as súas funcións e a súa organización. 2.2. IDENTIFICA e comprende a división de poderes do estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles. 3.1. EXPLICA a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades que forman España, así como as súas provincias. 4.1. VALORA, partindo da realidade do Estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural. 5.1. EXPLICA que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos políticos e económicos e localiza nun mapa os países membros e as súas capitais. 5.2. IDENTIFICA as principais institucións e os seus órganos de goberno na Unión Europea, reconhecendo os seus símbolos e explicando en que consiste o mercado único e a zona euro. 6.1. DEFINE demografía, comprende os principais conceptos demográficos e calcula os principais factores que incidem nela e defineos correctamente. 6.2. DEFINE pobocación dun territorio e identifica os principais factores que incidem nela e defineos correctamente. 6.3. INTERPRETA una pirámide de pobocación e outros gráficos usados no estudo da pobocación. 7.1. DESCRIBE os principais trazos da pobocación española e europea. 7.2. EXPLICA o proceso da evolución da pobocación en España e en Europa e describe a incidencia que tiveron nela factores como a esperanza de vida ou a natalidade. 7.3. DESCRIBE os factores que condicionan a distribución da pobocación española e europea. 7.4. SITUA nun mapa os maiores núcleos de pobocación en España e as zonas máis densamente pobocadas. 7.5. DESCRIBE a densidade de pobocación de España comparándoa mediante gráficos coa media da Unión Europea. 8.1. EXPLICA o exodo rural, a emigración a Europa e a chegada de emigrantes ao noso país. 8.2. IDENTIFICA e describe os principais problemas actuais da pobocación: superpobocación, envellecemento, inmigración, etc. 9.1. IDENTIFICA e define materias primas e produto elaborado e asociados coas actividades en que se ofrecen. 9.2. DESCRIBE ordenadamente o proceso de obtención dun producto até a súa venda, e identifica os sectores a que pertencen. 10.1. IDENTIFICA os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo a que pertenecen. 10.2. EXPLICA as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España e Europa e as suas localizacións nos territorios correspondentes. 11.1. VALORA con espírito crítico a función da publicidade e explica as técnicas publicitarias más habituais, analizando exemplos concretos. 12.1. DIFERENCIA entre distintos tipos de gasto e adapta o seu orzamento a cada un deles. 12.2. PLANIFICA os seus aforros para gastos futuros elaborando un pequeno orzamento persoal. 12.3. INVESTIGA sobre distintas estratexias de compra, comparando prezos e recompliendo información. 13.1. DESENVOLVE a creatividade e valora a capacidade emprendedora dos membros dunha sociedade. 14.1. IDENTIFICA diferentes tipos de empresa segundo o seu tamaño e o sector económico a que pertenecen as actividades que desenvolven. 14.2. DESCRIBE diversas formas de organización empresarial. 14.3. DEFINE termos sínxelos relacionados co mundo da empresa e a economía, ilustrando as definicións con exemplos. 15.1. EXPLICA normas básicas de circulación e as consecuencias derivadas do seu descoñecemento ou incumprimento. 15.2. CONEXO o significado dalgúns sináxeis de tráfico, reconfíca a importancia de respectos e utilizaos como peón e como usuario de medios de transporte (poner o cinto non molestas o condutor...)	

Contidos	Criterios de avaliación	Bloque 4. As pegas das do tempo
		Estándares de aprendizaxe availables
O tempo histórico e a súa medida. As fontes históricas e a sua clasificación. As idades da Historia: duración e datación dos feitos históricos significativos que as acoutan. As liñas do tempo. A Península Ibérica na Prehistoria. A Península Ibérica na Idade Antiga. Os reinos peninsulares na Idade Media. A monarquía hispánica na Idade Moderna. España na Idade Contemporánea (I): o século XIX. España na Idade Contemporánea (II): os séculos XX e XXI. O noso patrimonio histórico e cultural.	1. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecimentos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia. 2. Utilizar as nodos básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente alguns feitos históricos e outros feitos relevantes. 3. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecimentos históricos más relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución. 4. Desenvolver a curiosidade por conhecer as formas de vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coñecer e legar. 5. Valorar a importancia dos museos, sítios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e se aprende, mostrando unha actitude de respecto ao seu contorno e á súa cultura, apreciando a heranza cultural.	1.1. Define o concepto de Prehistoria, identifica a idea da idade da historia e data as idades da historia asociadas aos feitos que marcan os seus inicios e os seus finais, nomeando algunas fuentes da historia representativas de cada una delas. 1.2. Explica e valora a importancia da escritura, a agricultura e a gandaría como descubrimientos que cambiaron profundamente as sociedades humanas. 2.1. Reconoce o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza feitos situados como sucesivos a.C. ou d.C. 2.2. Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecimentos. 3.1. Sitúa nunha lira do tempo as etapas históricas más importantes das distintas idades da historia en España. 3.2. Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da Historia de España describindo as principais características de cada una delas. 3.3. Explica aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de España das distintas épocas históricas estudiadas. 3.4. Describe en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais das distintas etapas da historia de España citando os seus representantes máis significativos. 3.5. Explica a diferenza dos dous períodos en que se divide a Prehistoria e describe as características básicas das formas de vida nestas dúas épocas. 3.6. Data a Idade Antiga e describe as características básicas da vida naquel tempo, en especial as referidas á romanización. 3.7. Identifica os trazos distintivos das culturas que conviviron nos reinos peninsulares durante a Idade Media describindo a evolución política e os distintos modelos sociais. 3.8. Explica as características da Idade Moderna e certos acontecimentos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia neste período de tempo (Monarquía dos Austriás, XVI-XVII. Os Borbones século XVIII). 3.9. Explica os principais acontecimentos que se produciron durante o século XIX e XX e que determinan a nosa Historia Contemporánea. 3.10. Describe os trazos característicos da sociedade española actual e valora o seu carácter democrático e plural, así como a súa pertenza á Unión Europea. 4.1. Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e assume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora. 4.2. Respecta os restos históricos e valóraos como un patrimonio que debemos legar, e reconoce o valor que o patrimonio arqueolóxico monumental nos proporciona para o coñecemento do pasado. 5.1. Respecta e assume o comportamento que se debe ter cando visita un museo ou un edificio antigo. 5.2. Aprecia a heranza cultural a escala local, nacional e europea como riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e cuidar.

c) *Lingua Castelá e Literatura.*

O ensino da área de Lingua Castelá e Literatura ao longo da etapa da educación primaria ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe tamén proporcionarlle as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral, por un lado, e de comprensión e expresión escrita, por outro. A estruturación do pensamento do ser humano realizaase a través da linguaxe, de aí que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e o más eficaz instrumento de aprendizaxe.

A finalidade da reflexión lingüística é o coñecemento progresivo da propia lingua, que se produce cando o alumno percibe o uso de diferentes formas lingüísticas para diversas funcións, e cando analiza as súas propias producións e as dos que o rodean para comprendelas, avalialas e, se for o caso, corrixilas. A reflexión literaria a través da lectura, comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa do alumnado, dálle acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas e enfróntao a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de un mesmo.

Os elementos curriculares de Lingua Castelá e Literatura vincúlanse de forma crecente nas distintas etapas e supoñen unha progresión respecto aos saberes e habilidades adquiridos desde o inicio da vida escolar. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da lingua articúlase nos currículos das distintas etapas arredor dun eixe, que é o uso social da lingua en diferentes ámbitos: privados e públicos, familiares e escolares.

A área de Lingua Castelá e Literatura na educación primaria ten como finalidade o desenvolvemento das destrezas básicas no uso da lingua: escutar, falar, ler e escribir, de forma integrada. A adquisición destas destrezas comunicativas só se pode conseguir a través da lectura de distintas clases de textos, da súa comprensión e da reflexión sobre eles, tendo presente que esta non debe organizarse arredor de saberes disciplinares estancos e descontextualizados que prolongan a separación entre a reflexión lingüística e o uso da lingua, ou entre a reflexión literaria e o pracer de ler, senón que se deben axustar á realidade cambiante dun individuo que vive inmerso nunha sociedade dixital e que é quen de buscar información de maneira inmediata a través das tecnoloxías da información e a comunicación.

A organización en bloques de contido non pretende xerarquizar as aprendizaxes dentro da aula, senón que responde ás destrezas básicas que debe manexar un alumno para ampliar progresivamente a súa capacidade de comprensión e expresión oral e escrita, así como a súa educación literaria.

A forma de falar e de escutar dunha persoa determina a percepción que os demais teñen dela. É, polo tanto, imprescindible dotar o alumnado de estratexias que favorezan unha correcta aprendizaxe desta dimensión oral da competencia comunicativa e que lle aseguren un manexo efectivo das situacións de comunicación nos ámbitos persoal, social, académico e profesional ao longo da súa vida. Co bloque 1, Comunicación oral: escutar e falar, búscase que o alumnado vaia adquirindo as habilidades necesarias para comunicar con precisión as súas propias ideas, realizar discursos cada vez máis elaborados de acordo cunha situación comunicativa, escutar de forma activa e interpretar de maneira correcta as ideas dos demais. As propostas metodolóxicas deste bloque van dirixidas a mellorar a xestión das relacións sociais a través do diálogo e a perfeccionar a planificación, exposición e argumentación dos propios discursos orais. Integrouse a autoavalía neste proceso de ensino e aprendizaxe, así como a avaliação das prácticas orais dos demais, co obxectivo de facer explícitas as carencias e o progreso do alumnado e de que este, pola súa vez, sexa quen de recoñecer as súas dificultades para melloralas; a integración das tecnoloxías na aula debe favorecer a formulación integral

destas estratexias, que van desde a análise de discursos e debates audiovisuais até a avaliación de discursos propios e alleos gravados e proxectados. As prácticas orais, como exposicións ou debates, deben formar parte da actividade cotiá da aula en todas as áreas do currículo.

A lectura e a escritura son os instrumentos a través dos cales se poñen en marcha os procesos cognitivos que elaboran o coñecemento do mundo, dos demais e de un mesmo e, por tanto, desempeñan un papel fundamental como ferramentas de adquisición de novas aprendizaxes ao longo da vida. Cos bloques 2 e 3, Comunicación escrita: ler e escribir, perséguense que o alumnado sexa quen de entender textos de distinto grao de complexidade e de xéneros diversos, e que reconstrúa as ideas explícitas e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo. Comprender un texto implica pór en marcha unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse en todas as esferas da vida e en todo tipo de lectura: ler para obter información, ler para aprender a propia lingua e ler por pracer. Así mesmo, o ensino dos procesos de escritura pretende conseguir que o alumno tome conciencia dela como un procedemento estruturado en tres partes: planificación do escrito, redacción a partir de borradores de escritura e revisión de borradores antes de redactar o texto definitivo. A avaliación aplícase non só ao produto final, elaborado de forma individual ou en grupo, senón sobre todo ao proceso: avalíase e ensínase a avaliar todo o desenvolvemento do texto escrito a partir das producións dos propios alumnos e alumnas. A revisión en grupo debe admitirse como práctica habitual nestes casos para favorecer a aprendizaxe autónoma. Do mesmo modo, para progresar no dominio das técnicas de escritura, cómpre adquirir os mecanismos que permitan ao alumno diferenciar e utilizar os diferentes xéneros discursivos apropiados a cada contexto (familiar, persoal, académico, social) en todas as áreas do currículo.

Todos os seres humanos posuímos unha capacidade innata para comunicarnos a través de elementos verbais ou extraverbais que nos permiten interactuar co mundo que nos rodea, con formas cada vez más complexas. O bloque 4, Coñecemento da lingua, responde á necesidade de reflexión sobre os mecanismos lingüísticos que regulan a comunicación, e afástase da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como un fin en si mesmos para lles devolver a súa funcionalidade orixinal: servir de base para o uso correcto da lingua. O coñecemento da lingua dentro da aula de educación primaria formulase como a aprendizaxe progresiva das habilidades lingüísticas, así como a construcción de competencias nos usos discursivos da linguaxe a partir do coñecemento e a reflexión necesarios para apropiarse das regras gramaticais e ortográficas, imprescindibles, para falar, ler e escribir correctamente en todas as esferas da vida. Os contidos estrutúranse arredor de catro eixes fundamentais: o primeiro é a observación reflexiva da palabra, o seu uso e os seus valores significativos e expresivos dentro dun discurso, dun texto e dunha oración; o segundo céntrase nas relacións gramaticais que se establecen entre as palabras e os grupos de palabras dentro do texto; o terceiro afonda nas relacións textuais que fundamentan o discurso, e o cuarto céntrase nas variedades lingüísticas da lingua. A reflexión metalingüística está integrada na actividade verbal e en todos os niveis (discursivo, textual e oracional) e intervén nos procesos de aprendizaxe da lingua oral e a lingua escrita a través das diferentes fases de producción (planificación, textualización e revisión), o que proporcionará ao alumnado os mecanismos necesarios para o coñecemento activo e autónomo da súa propia lingua ao longo da vida.

O bloque 5, Educación literaria, asume o obxectivo de facer dos alumnos e alumnas lectores cultos e competentes, implicados nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a vida. Para iso cómpre alternar a lectura, comprensión e interpretación de obras literarias próximas aos seus gustos persoais e á súa madurez cognitiva coa de textos literarios e obras completas que proporcionen o coñecemento básico sobre algunas obras representativas da nosa literatura.

A información e a interpretación de textos ou obras non é unidireccional de profesor a alumno, senón que é este último o que debe ir adquirindo, coa guía do docente, os recursos persoais propios dun lector activo, capaz de ver na obra literaria unha ventá

aberta á realidade e á fantasía e un espello en que tomar conciencia de si mesmo e do mundo que o rodea. Do mesmo modo, esa toma de conciencia do mundo e de un mesmo vese favorecida pola actividade lúdica e creativa do alumnado na produción de textos persoais de intención literaria.

En resumo, o eixe do currículo básico desta área ou materia persegue o obxectivo último de crear cidadáns conscientes e interesados no desenvolvemento e na mellora da súa competencia comunicativa, capaces de interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto exixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua e a capacidade de interpretar e valorar o mundo e de formar as súas propias opinións a través da lectura crítica das obras literarias más importantes de todos os tempos.

Lingua Castelá e Literatura

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe availables
Situacións de comunicación espontáneas ou un discurso ordenado e coherente. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.	Bloque 1. Comunicación oral: falar e escutar	<p>1. Participar en situacións de comunicación, dixíndas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: queda de palabra, organizar o discurso, escutar e incorporar as intervencións dos demais.</p> <p>2. Integrar e reconecer a información verbal e non verbal dos discursos orais.</p> <p>3. Expressarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario preciso e estrutura coherente.</p> <p>4. Comprende mensaxes orais e analizalas con sentido crítico.</p> <p>5. Ampliar o vocabulario para lograr unha expresión precisa utilizando odicionario como recurso básico.</p> <p>6. Comprende o sentido global dos textos orais, reconécedo as ideas principais e secundarias e identificando ideas ou valores non explícitos.</p> <p>7. Memorizar e reproducir textos breves e sínxelos próximos aos seus gustos e intereses, utilizando con corrección e creatividade contos, poemas, adifrás, cancións e teatro.</p> <p>Comprensión de textos orais segundo a súa tipoloxía: narrativos, descriptivos, informativos, instrutivos e argumentativos, etc.</p> <p>8. Comprender textos orais segundo a súa tipoloxía: narrativos, descriptivos, informativos, instrutivos e argumentativos, etc.</p> <p>9. Producir textos orais breves e sínxelos dos xéneros máis habituais e directamente relacionados cos actividades da aula, imitando modelos: narrativos, descriptivos, argumentativos, expositivos, instrutivos, informativos e persuasivos.</p> <p>10. Utilizar de forma efectiva a lingua orais para comunicarse oralmente con claridade e adaptados á idade de producións propias.</p> <p>11. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias que estimulen o interese do nen.</p> <p>Dramatizacions de textos literarios adaptados á idade e de producións propias.</p> <p>Estrátexias para utilizar a lingua orais como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escutar, recoller datos, preguntar. Participación en enquisas e entrevistas. Comentario oral e xuizo persoal.</p>

Contidos	Criterios de avalación	Bloque 2. Comunicación escrita. ler.	Estándares de aprendizaxe availables
<p>Recursos gráficos na comunicación escrita.</p> <p>Consolidación do sistema de lectoescritura.</p> <p>Comprensión de textos lidos en voz alta e en silencio.</p> <p>Audición de diferentes tipos de textos.</p> <p>Comprensión de textos segundo a súa tipoloxía.</p> <p>Lectura de distintos tipos de texto: descriptivos, argumentativos, expositivos, instrutivos, literarios</p> <p>Estratexias para a comprensión lectora de textos: título, ilustracións, Palabras clave, Capítulos, Relectura, Anticipación de hipótese e indole.</p> <p>comprobación. Síntese. Estrutura do texto. Tipos de textos. Contexto. Dicionario. Sentido global do texto. Ideas principais e secundarias. Resumo.</p> <p>Gusto pola lectura. Hábito lector. Lectura de diferentes textos como fonte de información, de deleite e de diversión.</p> <p>Identificación e valdración crítica das mensaxes e valores transmitidos polo texto.</p> <p>Uso da biblioteca para a busca de información e utilización desta como fonte de aprendizaxe.</p> <p>Critica das mensaxes e valores transmitidos por un texto sínxelo.</p> <p>Selección de libros segundo o gusto persoal.</p> <p>Plan lector.</p>	<p>1. Ler en voz alta diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada.</p> <p>2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.</p> <p>3. Ler en silencio diferentes textos valorando o progreso na velocidade e a comprensión.</p> <p>4. Resumir un texto lido reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias.</p> <p>5. Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole.</p> <p>6. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.</p> <p>7. Utilizar textos científicos en diferentes soportes para recoller información, ampliar coñecementos e aplicálos en traballo persoal.</p> <p>8. Concentrarse en entender e interpretar o significado dos textos lidos.</p> <p>9. Utilizar as TIC de modo eficiente e responsable para a busca e tratamento da información</p> <p>10. Levar a cabo o plan lector que dea resposta a unha planificación sistemática de mellora da eficiacia lectora e fomento o gusto pola lectura.</p>	<p>1.1 Le en voz alta diferentes tipos de textos apropiados para a sua idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada.</p> <p>1.2. Descodifica con precisión e rapidez todo tipo de palabras.</p> <p>2.1. Entende a mensaxe, de maneira global, e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos lidos a partir da lectura dun texto en voz alta.</p> <p>2.2. Mostra comprensión, con certo grao de detalle, de diferentes tipos de textos non literarios (expositivos, narrativos, descriptivos e argumentativos) e de textos da vida cotiá.</p> <p>3.1. Le en silencio coa velocidade adecuada textos de diferente complexidade.</p> <p>3.2. Realiza lecturas en silencio resumindo brevemente os textos lidos.</p> <p>4.1. Capta o seu propósito. Identifica as partes da estrutura organizativa dos textos e analiza a súa progresión temática.</p> <p>4.2. Elabora resúmenes de textos lidos. Identifica os elementos característicos dos diferentes tipos de textos.</p> <p>4.3. Reconoce algúns mecanismos de cohesión en diferentes tipos de texto.</p> <p>4.4. Produce esquemas a partir de textos expositivos.</p> <p>5.1. Interpreta o valor do título e as ilustracións.</p> <p>5.2. Marca as palabras clave dun texto que axudan á comprensión global.</p> <p>5.3. Activa coñecementos previos axudándose deles para comprender un texto.</p> <p>5.4. Realiza inferencias e formula hipóteses.</p> <p>5.5. Comprende a información contida nos gráficos establecendo relacions coa información que aparece no texto conectada con elas.</p> <p>5.6. Interpreta esquemas de chave, números, mapas conceptuais sínxelos.</p> <p>6.1. Ten programado un tempo semanal para ler diferentes textos.</p> <p>6.2. Le voluntariamente textos propostos polo mestre ou mestra.</p> <p>7.1. É quen de consultar diferentes fontes bibliográficas e textos de soporte informático para obter datos e información para levar a cabo traballos individuais ou en grupo.</p> <p>8.1. Deduce o significado de palabras e expresións con axuda do contexto.</p> <p>8.2. Comprende textos xornalísticos e publicitarios. Identifica a súa intención comunicativa. Diferencia entre información, opinión e publicidade.</p> <p>8.3. Infre, interpreta e formula hipóteses sobre o contido. Sabe relacionar os elementos lingüísticos cos non lingüísticos nos textos xornalísticos e publicitarios.</p> <p>8.4. Establece relacions entre as ilustracións e os contidos do texto, formula hipóteses, realiza prediccóns e identifica na lectura o tipo de texto e a intención.</p> <p>8.5. Interpreta a linguaaxe figurada, metáforas, personificacións, hipérboles e xogos de palabras en textos publicitarios.</p> <p>9.1. Sabe utilizar os medios informáticos para obter información.</p> <p>9.2. É quen de interpretar a información e facer un resumo dela.</p> <p>10.1. Utiliza a biblioteca para localizar un libro determinado con seguranza e autonomía, aplicando as normas de funcionamento dunha biblioteca.</p> <p>10.2. Expón os argumentos de lecturas realizadas dando conta de algúns referencias bibliográficas: autor, editorial, xénero, ilustracións.</p> <p>10.3. Selecciona lecturas con criterio persoal e expresa o gusto pola lectura de diversos xéneros literarios como fonte de entretemento manifestando a súa opinión sobre os textos lidos.</p>	

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe availables
<p>Producción de textos para comunicar coñecementos, necesidades: narracións, descripcións, textos expositivos, argumentativos e persuasivos, poemas, diálogos, entrevistas e enquisas.</p> <p>Cohesión do texto: enlaces, substitucións léxicas, mantenemento do tempo verbal, puntuación.</p> <p>Creación de textos utilizando a lingua verbal e non verbal con intención informativa: publicitarios, Anuncios, Cómics.</p> <p>Normas e estratexias para a producción de textos: planificación (función, destinatario, estrutura,...) Revisión e mellora do texto.</p> <p>Aplicación das normas ortográficas e signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, guión, dous puntos, raíña, signos de entonación, parénteses, comás). Acentuación Caligrafía. Orde e presentación.</p> <p>Datados. Plan de escritura.</p>	<p>1. Producir textos con diferentes intencions comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando a caligrafía, a orde e a presentación.</p> <p>2. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e redacción, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección, revisándos para melloralo e availando, coa axuda de guías, as producções propias e allas.</p> <p>3. Utilizar o diccionario como recurso para resolver dúbidas sobre a lingua, o uso ou a ortografía das palabras.</p> <p>4. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas da área.</p> <p>5. Buscar unha mellora progresiva no uso da lingua, explorando canles que desenvolván a sensibilidade, a creatividade e a estética.</p> <p>6. Favorecer a través da lingua e a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prejuízos.</p> <p>7. Levar a cabo o plan de escritura que dea resposta a unha planificación sistemática de mellora da eficacia escritora e fomenta a creatividade.</p> <p>8. Utilizar as TIC de modo eficiente e responsable para presentar as suas producções.</p>	<p>Bloque 3. Comunicación escrita: escribir</p> <p>1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá: diarios, cartas, correos electrónicos, etc. imitando textos modelo.</p> <p>1.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.</p> <p>1.3. Escribe diferentes tipos de textos adecuando a lingua e ás características do xénero, segundo modelos, encamíñandos a desenvolver a súa capacidade creativa na escritura</p> <p>2.1. Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal e do ámbito escolar, recollendo as ideas fundamentais, evitando parafasear o texto e utilizando unha expresión persoal.</p> <p>2.2. Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas.</p> <p>2.3. Reproduce textos ditados con corrección.</p> <p>2.4. Empregue estratexias de busca e selección da información: tomar notas, elaborar esquemas, guións, mapas conceptuais.</p> <p>3.1. Utiliza habitualmente o diccionario no proceso de escritura.</p> <p>4.1. Elabora gráficas a partir de datos seleccionados e organizados procedentes de diferentes textos (libros de consulta, xornais, revistas, etc.).</p> <p>4.2. Presenta un informe de forma ordenada e clara, utilizando soporte papel e digital, sobre problemas ou situaciones sinxelas, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) segundo un plan de traballo e expresando conclusiones.</p> <p>4.3. Elabora un informe segundo un guión establecido que supóna a busca, selección e organización da información de textos de carácter científico, xeográfico ou histórico.</p> <p>5.1. Pon interese e esforzase por escribir correctamente de forma persoal.</p> <p>6.1. Expressa, por escrito, opinións, reflexións e valoracións argumentadas.</p> <p>7.1. Planifica e redacta textos seguindo uns pasos: planificación, redacción, revisión e mellora.</p> <p>Determina con antelación como será o texto, a súa extensión, o tratamento autor-lector, a presentación, etc.</p> <p>Adapta a expresión á intención, tendo en conta o interlocutor e o asunto de que se trata.</p> <p>Presenta con limpeza, claridade, precisión e orde os escritos.</p> <p>Reescribe o texto.</p> <p>7.2. Valora a súa propia produción escrita, así como a producción escrita dos seus compañeiros.</p> <p>8.1. Usa con eficacia as novas tecnoloxías para escribir, presentar os textos e buscar información</p> <p>8.2. Utiliza a internet e as TIC: reproducitor de vídeo, reproductor de CD-audio, cámara de fotos dixital e gravadora de audio como recursos para a realización de tarefas diversas: escribir e modificar un texto, crear láboas e gráficas, etc.</p>

Contidos	Criterios de avaliación	Bloque 4. Cofuncionamento da lingua
A palabra. Recoñecemento das distintas clases de palabras e explicación reflexiva do seu uso en situaciones concretas de comunicación (nóme, verbo, obxectivo, preposición, adverbio, conxunión, pronomes, artigos, interxeccións). Características e uso de cada clase de palabra. Clases de nomes: comúns, propios, individuais, colectivos, concretos e abstractos. Conxugación dos verbos regulares e irregulares más frecuentes. A sílaba. Ditongos e hiatos. Vocabulario: sinónimos e antónimos homónimos e polisémicas. Aumentativos e diminutivos. Arcasmos, neoloxismos e estraneirismos. Frases feitas. Formación de substantivos, adjetivos e verbos. Recursos derivativos: prefios e sufícos na formación de nomes, adjetivos e verbos. Síglas e abreñuradas. Uso eficaz do diccionario para ampliación de vocabulario e como consulta ortográfica e gramatical. Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía. Regras de acentuación. Signos de puntuación. As relacions gramaticais. Recoñecemento e explicación reflexiva das relacións que se establecen entre o substantivo e o resto dos componentes do grupo nominal. Recoñecemento e observación reflexiva dos constituyentes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado. Recoñecemento e uso dealguns conxectores textuais (de orde, contraste e explicación) e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais (substitucións pronominalis) como léxicos (élide e substitucións mediante sinónimos e hipérónimos). As variedades da lingua.	<p>1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua: presentar o nome, substituir o nome, expresar gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.</p> <p>2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.</p> <p>3. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.</p> <p>4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.</p> <p>5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.</p> <p>6. Coñecer a variedade lingüística de España e do español como fonte de enriquecemento cultural. Mostrar respecto tanto cara a esas linguis e dialectos que se falarán en España como cara ao español de América.</p>	<p>a 1.1. Coñece e reconoce todas as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar o nome, substituir o nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enfazar ou relacionar palabras ou oráculos, etc.</p> <p>a 1.2. Conxuge e usa con corrección todos os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais do modo indicativo e subxuntivo de todos os verbos.</p> <p>a 1.3. Diferencia familias de palabras.</p> <p>2.1. Conoce, reconoce e usa sinónimos e antónimos, palabras polisémicas e homónimas, arcasmos, estraneirismos e neoloxismos, frases feitas, síglas e abreviaturas.</p> <p>2.2. Reconoce palabras compostas, prefixos e sufícos e é quien de crear palabras derivadas.</p> <p>2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.</p> <p>2.4. Reconoce os conxectores básicos necesarios que dan cohesión ao texto (anáforas, deixes, elíses, ellipses, sinónimos, conectores).</p> <p>2.5. Identifica as oráculos como unidades de significado completo. Reconoce a oración simple, diferencia suxeito e predicado.</p> <p>3.1. Coñece a estrutura do diccionario e úsalo para buscar o significado de calquera palabra (derivados, plurais, formas verbais, sinónimos, etc.).</p> <p>3.2. Selecciona a acepción correcta segundo o contexto de entre as varias que lle ofrece o diccionario.</p> <p>3.3. Coñece as normas ortográficas e aplícasas nas súas producións escritas.</p> <p>4.1. Sinala as características que definen as diferentes clases de palabras: clasificación e uso para construír o discurso nos diferentes tipos de producións.</p> <p>4.2. Utiliza corredamente as normas da concordancia de xénero e de número na expresión oral e escrita.</p> <p>4.3. Aplica corredamente as normas de acentuación e clasifica as palabras dun texto.</p> <p>4.4. Usa con corrección os signos de puntuación.</p> <p>4.5. Aplica as regras de uso do acento ortográfico.</p> <p>4.6. Utiliza unha sintaxe adecuada nas producións escritas propias.</p> <p>5.1. Utiliza distintos programas educativos dixitais como apoio e reforzo da aprendizaxe.</p> <p>6.1. Coñece e valora a variedade lingüística de España e o español de América.</p> <p>6.2. Reconoce e identifica algunas das características relevantes (históricas, socioculturais, xeográficas e lingüísticas) das linguis oficiais en España.</p>

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe availables
<p>Coñecemento dos contos tradicionais: contos mabilllosos, contos de fórmulas, de animais... Distinción entre conto e lenda. Coñecemento de lendas españolas e doutros países.</p> <p>Lectura guiada de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacions de obras clásicas e literatura actual.</p> <p>Lectura comentada de poemas, relatos e obras teatrais.</p> <p>Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entonación e dicción adecuados.</p> <p>Creación de textos literarios en prosa ou en verso, valorando o sentido estético e a creatividade: contos, poemas, adifrás, cancions e teatro.</p> <p>Identificación de recursos literarios.</p> <p>Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios.</p> <p>Valoración dos textos literarios como vehículo de comunicación e como fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas e como disfrute persoal.</p>	<p>1. Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura como fonte de disfrute e información e considerala como un medio de aprendizaxe e enriquecemento persoal de máxima importancia.</p> <p>2. Integrar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios, líricos e dramáticos na práctica escolar, reconéxendo e interpretando algúns recursos da lingua e literaria (metáforas, personificacions, hipérboles, e xogos de palabras) e diferenciando as principais convencións formais dos xéneros.</p> <p>3. Coñecer e valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancions, contos, refráns, adifrás.</p> <p>4. Producir, a partir de modelos dados, textos literarios en prosa ou en verso con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adifrás, cancions e fragmentos teatrais.</p> <p>5. Participar con interese en dramatizacions de textos literarios adaptados á idade e de producções propias ou dos compañeiros, utilizando adequadamente os recursos básicos dos infernacions orais e da técnica teatral.</p>	<p>Bloque 5. Educación literaria</p> <p>1.1. Recofece e valora as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos.</p> <p>2.1. Realiza lecturas guiadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacions de obras clásicas e literatura actual.</p> <p>2.2. Interpreta a linguafigurada, metáforas, personificacions, hipérboles e xogos de palabras en textos literarios.</p> <p>3.1. Distingue algúns recursos retóricos e métricos propios dos poemas.</p> <p>3.2. Utiliza comparacions, metáforas, aumentativos, diminutivos, e sinónimos en textos literarios.</p> <p>4.1. Crea textos literarios (contos, poemas, cancions e pequenas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e ritmicos nas ditas producções.</p> <p>5.1. Realiza dramatizacions individualmente e en grupo de textos literarios apropiados ou adecuados á súa idade e de textos de produción propia.</p> <p>5.2. Memoriza e reproduce textos orais breves e sínxelos, contos, poemas, cancions, refráns, adifrás, cancions, refráns, adifrás, cancions, refráns, adifrás.</p>

d) *Matemáticas.*

As Matemáticas permiten coñecer e estruturar a realidade, analizala e obter información para valorala e tomar decisións; son necesarias na vida cotiá, para aprender a aprender, e tamén polo que a súa aprendizaxe proporciona á formación intelectual xeral e a súa contribución ao desenvolvemento cognitivo. O uso das ferramentas matemáticas permite abordar unha gran variedade de situacións.

As Matemáticas son un conxunto de saberes asociados aos números e ás formas, e constitúen unha forma de analizar diversas situacións, identifícanse coa dedución, a indución, a estimación, a aproximación, a probabilidade, a precisión, o rigor, a seguranza, etc., axúdannos a enfrentarnos a situacións abertas, sen solución única e cerrada; son un conxunto de ideas e formas que nos permiten analizar os fenómenos e situacións que se presentan na realidade para obter informacións e conclusóns que non estaban explícitas e actuar, preguntarnos, obter modelos e identificar relacións e estruturas, de modo que comportan non só utilizar cantidades e formas xeométricas senón, e sobre todo, encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas.

Na educación primaria búscase alcanzar unha eficaz alfabetización numérica, entendida como a capacidade para enfrentarse con éxito a situacións en que interveñan os números e as súas relacións, permitindo obter información efectiva, directamente ou a través da comparación, a estimación e o cálculo mental ou escrito. Para lograr unha verdadeira alfabetización numérica non basta con dominar os algoritmos de cálculo escrito, cómpre actuar con seguranza ante os números e as cantidades, utilizalos sempre que sexa necesario e identificar as relacións básicas que se dan entre eles.

O traballo nesta área na educación primaria estará baseado na experiencia, os contidos de aprendizaxe parten do próximo e deberanse abordar en contextos de identificación e resolución de problemas. As matemáticas apréndense utilizandoas en contextos funcionais relacionados con situacións da vida diaria para ir adquirindo progresivamente coñecementos más complexos a partir das experiencias e dos coñecementos previos.

Os procesos de resolución de problemas constitúen un dos eixes principais da actividade matemática e deben ser fonte e soporte principal da aprendizaxe ao longo da etapa, posto que constitúen a pedra angular da educación matemática. Na resolución dun problema requírense e utilizanse moitas das capacidades básicas: ler; reflexionar; planificar o proceso de resolución; establecer estratexias e procedementos e revisalos; modificar o plan, se é necesario; comprobar a solución, se se encontrou, até a comunicación dos resultados.

O currículo básico formulouse partindo do desenvolvemento cognitivo e emocional en que se encontra o alumnado desta etapa, da concreción do seu pensamento, das súas posibilidades cognitivas, do seu interese por aprender e relacionarse cos seus iguais e co contorno, e do seu paso cara a un pensamento abstracto ao final da etapa.

Os obxectivos xerais da área van encamiñados a desenvolver as competencias matemáticas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

Para facilitar a concreción curricular, os contidos organizáronse en cinco grandes bloques: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas; Números; Medida; Xeometría; Estatística e probabilidade. Pero esta agrupación non determina métodos concretos, só é unha forma de organizar os contidos que deben ser abordados dunha maneira enlazada atendendo á configuración cílica do ensino da área, construíndo uns contidos sobre os outros, como unha estrutura de relacións observables de forma que se facilite a súa comprensión e aplicación en contextos cada vez máis enriquecedores e complexos. Esta agrupación non implica unha organización cerrada, polo contrario, permitirá organizar de diferentes maneiras os contidos adoptando a metodoloxía máis adecuada ás súas características e do grupo de alumnos.

O bloque 1 formulouse coa intención de que sexa a columna vertebral do resto dos bloques e, desta maneira, forme parte do quefacer diario na aula para traballar o resto

dos contidos e conseguir que todo o alumnado, ao acabar a educación primaria, sexa quen de describir e analizar situacións de cambio, encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas en contextos numéricos, xeométricos e funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións. Débese traballar no afondamento nos problemas resoltos, formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, etc., e expresar verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, e utilizar procesos de razonamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.

Por último, estableceranse os estándares de aprendizaxe availables que permitirán definir os resultados das aprendizaxes, e que concretan mediante accións o que o alumnado debe saber e saber facer na área de Matemáticas.

Contidos	Criterios de avaliación	Blóque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas	Estándares de aprendizaxe availables
A proposta desta área, formar as persoas desde o inicio da educación primaria na reflexión e a vivencia de valores, responde á preocupación por mellorar a calidade da educación de todo o alumnado, fomentando o desenvolvemento de procesos educativos que potencien a participación individual para lograr fins colectivos. Deste modo, enriquécense as experiencias sociais dos alumnos, tendo en conta que viven en sociedade mentres se forman e que as vivencias compartidas na escola enriquecen as súas aprendizaxes.

A área incita á reflexión e propón aprendizaxes relativas á dignidade persoal, ao respecto aos demais e aos valores sociais na convivencia. En primeiro lugar, a pretensión é que cada alumno adquira as competencias necesarias para construír un autoconcepto axustado e unha boa autoestima, para tomar iniciativas responsables e vivir con dignidade. Unha vez elaborada a súa identidade persoal, o neno está preparado para recoñecer o outro. Por isto, indúcese á empatía, ao respecto e á tolerancia das outras persoas e propóñense elementos relacionados coas habilidades necesarias para relacionarse e actuar de acordo cos dereitos e deberes humanos fundamentais.

Unha vez que o ser humano é quen de coñecese e aceptarse á vez que comprende e respecta os demais, pode assumir a complexidade da convivencia social. Neste momento, estimúlanse actitudes que propicien a interdependencia positiva, a cooperación e a solidariedade de acordo cos valores, dereitos e deberes da Constitución española.

Desta maneira oriéntanse os alumnos para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

Valores Sociais e Cívicos contribúe a que o alumnado mellore a súa competencia para aprender e ter iniciativa, estimulando a motivación, o esforzo e as capacidades de reflexión, síntese e estruturación. Axúdalles a enfrentarse aos problemas, experimentar e realizar proxectos en equipo, traballar de forma independente, tomar decisións e xerar alternativas persoais.

O ensino da área require que o profesor estimule a axuda mutua e o traballo cooperativo, inspirado na idea de que todas as persoas teñen capacidades áñadas que encontren algunas limitacións. Debe potenciar o desenvolvemento de competencias que permitan aos alumnos considerarse valiosos e axudar aos demais, á vez que se senten recoñecidos e se mostran receptivos para recibir axuda na resolución dos seus problemas.

A metodoloxía na aula débese fundamentar na relación entre o progreso persoal e o académico, porque equilibrio afectivo e aprendizaxe van unidos e fortalécense mutuamente. As decisións metodolóxicas débense guiar polo obxectivo de facilitar o desenvolvemento de persoas ben formadas e informadas, capaces de assumir os seus deberes e defender os seus dereitos, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de maneira satisfactoria e desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Os procesos de ensino e aprendizaxe estarán baseados na participación de todos os alumnos, de modo que se sintan valiosos e capaces. De aí a importancia de propor o traballo cooperativo para a realización das tarefas, que permite ao alumnado a análise e a expresión e interpretación de pensamentos, sentimientos e feitos en distintos contextos sociais e culturais, así como o uso da linguaxe para regular a conduta e relacionarse cos demais.

Mediante a toma de decisións baseada nos xuízos morais e a resolución de problemas e conflitos en colaboración adquírense as competencias necesarias para seguir diversos procesos de pensamento, utilizar o razonamento lóxico, analizar e xular criticamente os problemas sociais e históricos. O desenvolvemento de actividades orientadas por valores socialmente admitidos nun clima de convivencia acolledor, estimulante e educativo reforza en si mesmo o logro dos fins da área.

Valores Sociais e Cívicos		
Criterios de avaliación	Bloque 1. A identidade e a dignidade da persoa	Estandares de aprendizaxe availables
<p>1. Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal.</p> <p>2. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.</p> <p>3. Adquirir capacidades para tomar decisiones de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimientos negativos ante os problemas.</p> <p>4. Crear unha imaxe positiva de si mesmo tomando decisiones meditadas e responsables, baseadas nun bo autoconcepción.</p> <p>5. Estruturar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.</p> <p>6. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do seu cumprimento.</p> <p>7. Propor desafíos e levarlos a cabo mediante unha toma de decisións persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demás.</p>	<p>1.1. Explica o valor da respectabilidade e a dignidade persoal.</p> <p>1.2. Razona o sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demás.</p> <p>1.3. Actúa de forma respectable e digna.</p> <p>2.1. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos.</p> <p>2.2. Explica razons para asumir as súas responsabilidades durante a colaboración.</p> <p>2.3. Xera confianza nos demás realizando unha autoravaliaación responsable da execución das tarefas.</p> <p>3.1. Utiliza o pensamento creativo na análise de problemas e na formulación de propostas de actuación.</p> <p>3.2. Propón alternativas á resolución de problemas sociais.</p> <p>3.3. Sabe facer frente á incerteza, o medo ou o fracaso.</p> <p>4.1. Coñece e asume os trazos característicos da súa personalidade ponéndolos de manifesto assertivamente.</p> <p>4.2. Expressa a percepción da súa propia identidade integrando a representación que fai de si mesmo e a imaxe que expresan os demás.</p> <p>4.3. Manífestase verbalmente unha visión positiva das súas propias calidades e limitacións.</p> <p>5.1. Reflexiona, sintetiza e estrutura os seus pensamentos.</p> <p>5.2. Utiliza estratexias de reestruturación cognitiva.</p> <p>5.3. Describe o valor da reestruturación cognitiva e a resiliencia.</p> <p>5.4. Aplica o autocontrol á toma de decisións, a negociación e a resolución de conflitos.</p> <p>5.5. Realiza un adecuado reconecemento e identificación das súas emocións.</p> <p>5.6. Expressa os seus sentimentos, necesidades e dereitos á vez que respecta os dos demás nas actividades cooperativas.</p> <p>6.1. Participa na solución dos problemas escolares con seguranza e motivación.</p> <p>6.2. Realiza propostas creativas e utiliza as súas competencias para abordar proxectos sobre valores sociais.</p> <p>6.3. Identifica, define problemas sociais e cívicos e implanta soluciones potencialmente efektivas.</p> <p>6.4. Define e formula claramente problemas de convivencia.</p> <p>6.5. Razona a importancia da iniciativa privada na vida económica e social.</p> <p>7.1. Sopesa as consecuencias das súas accións.</p> <p>7.2. Desenvolve actitudes de respecto e solidariedade cara aos demás en situacións formais e informais de interacción social.</p> <p>7.3. Emprega o pensamento consecuencial para tomar decisións éticas.</p> <p>7.4. Identifica vantaxes e inconvenientes dunha posible solución antes de tomar unha decisión ética.</p>	

Criterios de avaliación	Bloque 2. A comprensión o respecto nas relacións interpersoais	Estándares de aprendizaxe availables
1. Expressar opinións, sentimentos e emocións utilizando coordinadamente a linguaaxe verbal e non verbal. 2. Utilizar habilidades de escuta e o pensamento de perspectiva con empatía. 3. Empregar a assertividade. 4. Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade. 5. Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para encontrar o mellor argumento. 6. Establecer relacións interpersoais positivas, empregando habilidades sociais. 7. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas. 8. Analizar criticamente as consecuencias dos prexuízos sociais, reflexionando sobre os problemas que provocan e o seu efecto nas persoas que os sofreron. 9. Contribuír á mellora do clíma do grupo mostrando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas.	1.1. Expressa con claridade e coherencia opinións, sentimentos e emocións. 1.2. Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimentos. 1.3. Utiliza a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais e debates. 1.4. Expón respectuosamente os argumentos. 2.1. Escucha exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista do que fala. 2.2. Dialoga, interpretando e dando sentido ao que oé. 2.3. Realizar actividades cooperativas detectando os sentimentos e pensamentos que subxacen no que se está dicindo para expresarse. 2.4. Colabora en proxectos grupais escollendo activamente, demostrando interese polas outras persoas e axudando a que sigan motivadas para expresarse. 3.1. Expressa abertamente as propias ideas e opinións. 3.2. Realiza unha defensa tranquila e respectuosa das posicións persoais. 3.3. Utiliza a linguaaxe positiva. 3.4. Autoafirmase con respecto. 4.1. Comunicase empregando expresións para melhorar a comunicación e facilitar o achegamento ao seu interlocutor nas conversas. 4.2. Mostra interese polos seus interlocutores. 4.3. Comparte sentimentos durante o diálogo. 4.4. Utiliza os elementos que contribúen ao diálogo. 4.5. Reconóce os elementos que bloquean a comunicación en diferentes situacións. 5.1. Infre e dá o sentido adecuado á expresión dos demás. 5.2. Utiliza correctamente as estratexias de escuta activa: clarificación, paráfraseo, resumo, reestruturación, reflexo de sentimento. 5.3. Relaciona diferentes ideas e opinións para encontrar os seus aspectos comúns. 6.1. Interaccioná con empatía. 6.2. Utiliza diferentes habilidades sociais. 6.3. Sabe contribuír á cohésion dos grupos sociais a que pertence. 7.1. Identifica diferentes maneiras de ser e actuar. 7.2. Respecta e acepta as diferenzas individuais. 7.3. Valora as calidades doutras persoas. 7.4. Comprende e aprecia positivamente as diferenzas culturais. 8.1. Analiza os problemas que orixinan os prexuízos sociais. 8.2. Expón razoadamente as consecuencias dos prexuízos sociais para as persoas do contorno social próximo. 8.3. Detecta e xulga críticamente prexuízos sociais detectados no seu contorno próximo expresando as conclusións en traballo creativos. 9.1. Foma parte activa nas dinámicas de grupo. 9.2. Consegue a acepción dos compañeiros. 9.3. Estabelece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua. 9.4. Expón mediante historias creativas as características da amizade.	

Criterios de avaliación	Bloque 3. A convivencia e os valores sociais	Estándares de aprendizaxe availables
<ol style="list-style-type: none">1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimientos.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e mostrando condutas solidarias.3. Practicar o altruismo no contorno próximo sensibilizando sobre o seu valor.4. Implicarse na elaboración e o respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constituye a partir dos valores universais.5. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e empregando a lingua xe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.6. Comprender o sentido da responsabilidade social e a xustiza social empregando a capacidade de reflexión, síntese e estruturación.7. Crear un sistema propio de valores, asumindo os dereitos e deberes do alumno, realizando xuízos morais de situaciones escolares e resolvendo dilemas morais con supostos prácticos.8. Comprender o que é un dilema moral e resolver dilemas morais para detectar prexilizos relativos ás diferenzas culturais.9. Respectar os valores universais comprendendo a necesidade de garantir os dereitos básicos de todas as persoas.10. Comprender a declaración da igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, aplicando á análise do contorno social.11. Expressar a relevancia de preservar os dereitos de libre expresión e opinión, liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión, realizando traballos de análise e síntese.12. Comprender a importancia dos dereitos do neno valorando as condutas que os protexen.13. Comprender a correlación entre dereitos e deberes, valorando situacións reais en relación cos dereitos do neno e respectando a igualdade de dereitos de nenos e nenas no contexto social.14. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.15. Compreender e valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coñido da familia, argumentando con base en procesos de reflexión, síntese e estruturación.16. Respectar os valores socialmente reconecidos, coñecendo e apreciando os valores da Constitución española e os dereitos e deberes da Constitución española.17. Crear un sistema de valores propios realizando xuízos morais baseados nos dereitos e deberes básicos da Constitución española.18. Coñecer e expresar as notas características da democracia e a importancia dos valores cívicos na sociedade democrática, así como o significado dos símbolos nacionais, a bandeira, o escudo de España e o himno nacional como elementos comuns da Nación española e do conxunto dos españois.	<ol style="list-style-type: none">1.1. Establece relacions de confianza cos iguais e as persoas adultas.1.2. Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.1.3. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimientos durante a interacción social na aula.2.1. Mostraboa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.2.2. Recorre as estratexias de axuda entre iguais.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo.2.4. Utiliza as habilidades do traballo cooperativo.2.5. Emprega destrezas de interdependencia positiva.2.6. Describe condutas solidarias.3.1. Móstrase xeneroso no seu contorno próximo.3.2. É quen de sensibilizar sobre causas altruistas realizando exposicións orais sobre o seu valor e funcións.3.3. Colabora en causas altruistas en colaboración coa comunidade educativa.4.1. Explica o concepto de norma.4.2. Argumenta a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social.4.3. Participa na elaboración das normas do colexio.4.4. Infre a necesidade das normas da súa comunidade educativa.4.5. Respecta as normas do centro escolar.5.1. Resuelve os conflitos de modo constitutivo.5.2. Segue as fases da mediación en situacións reais e simuladas.5.3. Manexa a linguaaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos nas relacións interpersoais.5.4. Analiza as emocións, sentimento, posibles pensamentos e puntos de vista das partes en conflito.6.1. Razona o sentido da responsabilidade social e a xustiza social.6.2. Identifica e analiza críticamente desigualdades sociais.7.1. Conoce e respecta os dereitos e deberes do alumno.7.2. Realiza xuízos morais de situacións escolares.7.3. Xustifica as súas actuacións con base en valores persoais como a dignidade, a liberdade, a asegaranza nun mesmo e a capacidade de enfrentarse aos problemas.8.1. Expresa o que é un dilema moral.8.2. Realiza xuízos morais.8.3. Analiza e resolve dilemas morais en situacións reais e simuladas.8.4. Resuelve dilemas morais en relación con prexuízos relativos ás diferenzas culturais.9.1. Argumenta o carácter universal dos dereitos humanos.9.2. Expón a importancia de que todas as persoas desfruten dos dereitos básicos: saúde, benestar, alimentación, vestido, vivenda e asistencia médica.9.3. Xulga críticamente as circunstancias de persoas que viven en situación de privación dos dereitos básicos.10.1. Argumenta e expón mediante imaxes a importancia de garantir a igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.	

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe availables
19. Comprender a importancia da contribución dos cidadáns aos servizos públicos e aos bens comúns a través dos impostos realizando razonamentos críticos.	10.2. Analiza formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades.
20. Realizar un uso responsable dos bens da natureza, comprendendo e interpretando sucesos, analizando causas e prediciendo consecuencias.	10.3. Analiza feitos discriminatorios: maltrato, exclusión de minorías étnicas, reclusión en campos de concentración, o Holocausto, segregación por enfermidade...
21. Contribuir á conservación do ambiente mantendo unha actitude crítica ante as faltas de respecto.	10.4. Descubre e xulta criticamente casos próximos de desigualdade e discriminación.
22. Valorar o uso responsable das fontes de enerxía no planeta concienciándose do respecto do contorno e desenvolvendo a capacidade crítica cara aos acontecementos que o modifican.	10.5. Detecta prexuízos e analiza conflitos derivados do uso de estereotipos no contexto escolar.
23. Ser quien de realizar primeiros auxilios e tomar medidas preventivas valorando a importancia de previr accidentes domésticos.	11.1. Valora e respecta a libte expresión.
24. Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en contextos seguros.	11.2. Comprende, interpreta e acepta opinións diferentes ás propias.
25. Analizar criticamente a influencia da publicidade sobre o consumo utilizando as novas tecnoloxías.	11.3. Relaciona diferentes culturas e relixións coas formas de pensamento de persoas pertencentes a elas.
26. Valorar as normas de seguraza viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico.	11.4. Analiza, reflexiona e expresa conclusións sobre os dereitos de libre expresión e opinión, liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión.
27. Investigar sobre a prevención de accidentes de tráfico xerando iniciativas e alternativas persoais.	12.1. Expón os dereitos básicos do nen.
	12.2. Argumenta a necesidade de protexer os dereitos básicos do nen.
	12.3. Xustifica a importancia de que todos os nenos reciban axuda.
	12.4. Razoa as consecuencias da explotación infantil e a trata de nenos.
	13.1. Expón verbalmente a correlación entre dereitos e deberes.
	13.2. Razoa a valoración de situacións reais, expostas na internet, en relación cos dereitos do nen.
	13.3. Expón mediante traballo de libre creación as conclusións da súa análise crítica das diferenzas na asignación de tarefas e responsabilidades na familia e na comunidade escolar en función do sex.
	14.1. Xúlg a criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres.
	14.2. Colabora con persoas doutro sexo en diferentes situacións escolares.
	14.3. Realiza diferentes tipos de actividades, independentemente do seu sexo.
	15.1. Expón de forma argumentada a importancia de valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coñido da familia.
	15.2. Realiza traballo de libre creación investigando casos de falta de corresponsabilidade no coñido da familia presentados nos medios de comunicación.
	15.3. Valora o uso do diálogo para a resolución de posibles conflitos nas relacións afectivas.
	16.1. Xúlg a criticamente os valores implicitos en diversas situacións, de acordo cos que constitúen a vida en común nunha sociedade democrática.
	16.2. Reflexiona sobre os dereitos e deberes da Constitución española.
	17.1. Explica os dereitos e deberes básicos da Constitución española.
	17.2. Realiza sinxelos xuízos morais fundamentados.
	17.3. Participa no benestar do contorno próximo baseándose nos dereitos e deberes básicos da Constitución española.
	18.1. Expressa as notas características da convivencia democrática.
	18.2. Argumenta a importancia dos valores cívicos na sociedade democrática.
	19.1. Comprende, valora e expo por escrito o deber da achega cidadá ao ben da sociedade.
	19.2. Explica a función dos impostos de proporcionar recursos sociais que melloran a calidade de vida dos cidadáns.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe availables
	<p>19.3. Realiza producções creativas sobre as consecuencias de non pagar impostos.</p> <p>20.1. Mostra interese pola natureza que o rodea e sénese parte integrante dela.</p> <p>20.2. Razona os motivos de conservación dos bens naturais.</p> <p>20.3. Propón iniciativas para participar no uso adecuado de bens naturais razoando os motivos.</p> <p>21.1. Analiza, explica e expo as causas e consecuencias da intervención humana no medio.</p> <p>21.2. Investiga criticamente a intervención humana no ambiente e comunica os resultados.</p> <p>21.3. Argumenta comportamentos de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico e de conservación do ambiente.</p> <p>22.1. Toma conciencia da limitación dos recursos enerxéticos e explica as consecuencias do esgotamento das fontes de enerxía.</p> <p>22.2. Investiga os efectos do abuso de determinadas fontes de enerxía.</p> <p>22.3. Realiza traballos creativos sobre a necesidade do aire non contaminado para a saúde e a calidade de vida.</p> <p>22.4. Expon graficamente argumentos para rexeitar actividades humanas contaminantes.</p> <p>23.1. Valora a importancia do coñado do corpo e a saúde e de previr accidentes domésticos.</p> <p>23.2. Razona as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida.</p> <p>23.3. Coñece as prácticas de primeiros auxilios.</p> <p>23.4. Expressa as medidas preventivas dos accidentes domésticos más frecuentes.</p> <p>24.1. Realiza un uso ético das novas tecnoloxías.</p> <p>24.2. Coñece o emprego seguro das novas tecnoloxías.</p> <p>24.3. Analiza e xúga criticamente os contidos do contorno dixital.</p> <p>25.1. Realiza análises de información dixital sobre as razons polas que as persoas senten a necesidade de consumir ao ver un anuncio publicitario.</p> <p>25.2. Reflexiona sobre a influencia da publicidade expresando as conclusións mediante traballo creativos.</p> <p>25.3. Realiza exposicións xilográficas criticamente hábitos de consumo innecesario.</p> <p>26.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación vixaria.</p> <p>26.2. Investiga sobre as principais causas dos accidentes de tráfico coa axuda das novas tecnoloxías.</p> <p>26.3. Expon as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico.</p> <p>27.1. Analiza información na prensa en relación cos accidentes de tráfico.</p> <p>27.2. Desenvolve proxectos relacionados coas principais causas dos accidentes de tráfico, sobre os cales se informa en diferentes medios de comunicación.</p> <p>27.3. Reflexiona sobre o modo en que se poderían ter evitado accidentes de tráfico e expón as súas conclusiones.</p> <p>27.4. Explica as principais medidas que se poderían tomar para previr accidentes de tráfico.</p>